

ASUNTO PLE/2021/00022822H

ACTA NÚM. 11 - SESIÓN ORDINARIA 30 DE XUÑO DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **30 de xuño de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se

encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de maio do corrente ano.**
- 2. Aprobación dos expedientes de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e de suplemento de crédito 2021-SUPLE-03.**
- 3. Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-05, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020, e o recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.**
- 4. Aprobación de expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario 2021-CREXT-06 por importe 48.000,00 euros, de suplemento de crédito 2021-SUPLE-04 por importe 31.000,00 euros, financiados con baixas por anulación, e de modificación dalgunhas subvencións nominativas do servizo municipal de deportes que se ven afectadas polas modificacións de crédito propostas.**
- 5. Proposta da concelleira delegada de economía e facenda de declarar non dispoñibles os créditos incluídos na aplicación 060/33800/2269900 para o exercicio de 2021.**
- 6. Aprobación da modificación do cadro de persoal do ano 2021.**
- 7. Aprobación inicial da modificación da ordenanza de circulación e uso da vía pública.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para non autorizar a instalación dunha gasoleira no espazo residencial de Brandia.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para desenvolver un programa de dinamización do comercio local continuado para atraer clientela da comarca e da eurorexión Galiza-Norte de Portugal.**
- 10. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a creación do borrador tributario da cidadanía e o pagamento a prazos dos tributos.**
- 11. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para manifestar o apoio á rehabilitación e permanencia do convoi histórico no acceso á estación intermodal.**
- 12. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para unha nova regulación dos avais bancarios cando nas parcelas non existan servizos básicos para evitar desproporcionalidade e discriminacións.**
- 13. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para atender a demanda veciñal sobre a apertura do debate a respecto da xestión do ciclo integral da auga.**

14. Dar conta de informe de intervención de control financeiro exercicio 2021.

15. Dar conta da designación dos representantes do grupo municipal de CA na Comisión especial de Peleteiro.

16. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

17. Solicitude presentada polo grupo municipal do Partido Popular de comparecencia do concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadá e festas.

18. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelación:

1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a implementación do plan de contratación anunciado en xuño de 2020.

Rogos:

1.- Presentado polo grupo municipal do PP para instalación paso peonil na rúa do Hórreo.

2.- Presentado polo grupo municipal do PP para inclusión árbores de folla caduca na rúa do Hórreo.

3.- Presentado polo grupo municipal do PP para arranxo do firme na rúa da Cañeira-San Lázaro.

4.- Presentado polo grupo municipal de CA para acondicionamento do camiño que vai da rúa dos Caraveis ao Monte do Campo en Vidán.

5.- Presentado polo grupo municipal de CA para establecemento puntos de información contra a violencia de xénero.

6.- Presentado polo grupo municipal do BNG para mellorar a mobilidade e reducir a sinistrabilidade na contorna da nova estación de autobuses.

7.- Presentado polo grupo municipal do BNG para retirar a simboloxía franquista.

8.- Presentado polo grupo municipal do BNG para atender as peticións de labores de prevención de incendios.

9.- Presentado polo grupo municipal de CA para colaborar na restauración e conservación da antiga locomotora e vagón.

Preguntas resposta oral:

1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre inscrición no rexistro de asociacións da agrupación estudiantil CF da Estrada.

2.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a eficacia do servizo de roza e limpeza de vías.

3.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a circulación de camións de gran tonelaxe polo viario de acceso ao vertedoiro de Miramontes.

4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a tramitación da licitación do servizo de abastecemento e saneamento.

5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre os muros da cidade que presentan risco de desprendemento.

6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a documentación dos expedientes de venda ambulante.

- 7.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o cobro do recibo de recollida de residuos.
- 8.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o peche do rexistro auxiliar do Ensanche.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a liña 6 ao aeroporto de Lavacolla.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a aparición de restos humanos en Salgueiriños.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre mesa convocada pola asociación Raigame en relación ao futuro da parcela do colexio Peleteiro.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o funcionamento da liña 6 do transporte urbano.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre muro na Avda. de Coimbra.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre enlousado de Xoán XXIII.

19. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada por CA para regularizar a situación dos antigos empregados do bus ao aeroporto e impulsar unha liña de aerobús que conecte a intermodal e o Rosalía de Castro de xeito directo.
- 2.- Presentada por CA sobre a memoria democrática.
- 3.- Presentada polo PP para o acondicionamento do acceso peonil ao Monte do Gozo desde o Estadio de San Lázaro, a través da rúa das Estrelas.
- 4.- Presentada polo PP para esixirlle ao Goberno de España que respecte as decisións xudiciais e non conceda o indulto aos líderes independentistas cataláns condeados por sedición.
- 5.- Presentada polo PP para a participación activa do Concello de Santiago de Compostela na estratexia galega de atención á soidade non desexada.
- 6.- Presentada polo PP para instar ao Goberno de España a baixar o prezo da luz actuando sobre determinados impostos e custos regulatorios.
- 7.- Presentada por CA sobre as melloras necesarias nas obras do camiño de Santiago no Barrio de Conxo.
- 8.- Presentada por CA para a posta en marcha de políticas locais contra as agresións sexuais.
- 9.- Presentada polo BNG para realizar unha actuación integral de mellora de accesibilidade, iluminación, canalización de auga e espazos públicos no Barrio de Vite.
- 10.- Presentada polo BNG para ratificar o acordó de setembro de 2017 para non autorizar a instalación desta gasoleira en Brandia tendo en conta que existen suficientes motivos técnicos para a denegar.
- 11.- Presentada polo BNG para unha nova regulación da tarifa eléctrica que beneficie os territorios produtores de enerxía e reduza o IVE ao 4%.
- 12.- Presentada polo BNG para que o proxecto do Orbitaliño atenda as necesidades da veciñanza de Formarís para evitar que fragmente os núcleos de poboación.

Antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día da presente sesión, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Seguidamente teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Paulo López Porto, en relación á proposición presentada polo grupo municipal de

Compostela Aberta, relativa á instalación dunha gasoleira en Brandia.
Dona Marta Portela Fernández, en representación da asociación cívica Composcleta, en relación á ordenanza de circulación e uso da vía pública.
Don David Rouco Carreira, en representación do colectivo de traballadores/as despedidos/as dos autobuses da liña do aeroporto.

Preséntanse para ser tratados na presente sesión, previa declaración de urxencia, os seguintes asuntos:

Declaración institucional contra o negacionismo emitida polo Observatorio estatal de violencia sobre a muller.

A moción de urxencia de condena ao ataque á exposición na Alameda sobre as mortes de persoas refuxiadas e migrantes e en defensa deses colectivos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade de todos os grupos políticos municipais, declara a urxencia de ambos puntos.

A declaración institucional, pasa a tratarse antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día e a moción no punto de toma en consideración das mocións.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA O NEGACIONISMO EMITIDA POLO OBSERVATORIO ESTATAL DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER

A violencia contra as mulleres é unha violación grave dos dereitos humanos, un fenómeno estrutural e mundial que non coñece límites sociais, económicos ou nacionais. Segundo a ONU MULLERES, a escala mundial, o 35 por cento das mulleres experimentou algunha vez violencia física ou sexual por parte dunha parella íntima, ou violencia sexual perpetrada por unha persoa distinta da súa parella. Segundo os resultados da Macroenquisa de violencia sobre a muller de 2019, presentados o pasado 10 de setembro de 2020, unha de cada dúas mulleres (57,3%) residentes en España de 16 ou máis anos sufriron violencia ao longo das súas vidas por ser mulleres. En España dende o ano 2003 até a data foron asasinadas máis de mil mulleres polos seus maridos, parellas ou exparellas. Estas cifras poñen de manifesto unha realidade que non se pode normalizar nin banalizar, unha violencia estrutural cara á metade da poboación que impide a plena liberdade, igualdade e seguridade das mulleres e dos seus fillos e fillas.

España foi un dos países pioneiros no mundo en dar unha resposta integral á violencia de xénero. Como sinala o preámbulo da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que foi aprobada por unanimidade, a violencia contra as mulleres maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de sérenas, é o resultado das relacións desiguais de poder entre homes e mulleres e unha consecuencia da discriminación por razón de sexo.

Esta lei orgánica crea o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller como órgano colexiado ao que corresponde o asesoramento, avaliación, colaboración institucional, elaboración de informes, estudos e propostas de actuación en materia de violencia de xénero. Por iso, o Observatorio non pode permanecer alleo aos ataques que nestes tempos aumentan contra a igualdade e contra esta realidade, reproducindo

estereotipos e prexuízos machistas e reaccionarios que criamos superados e que danan as vítimas e a quen traballa por elas.

No último Pleno do Observatorio, o 19 de maio de 2021, entre outros acordos decidiuse realizar esta declaración institucional expresando a nosa profunda preocupación pola difusión de narrativas falsas e polos discursos que cuestionan o avance dos dereitos das mulleres e a igualdade entre mulleres e homes, e facer fincapé na necesidade de avanzar nun diálogo construtivo, baseado en feitos e datos, con todos os sectores da sociedade co fin de proporcionar unha visión real, detallada e actual que nos permita contribuír a reforzar e mellorar actuacións en materia de sensibilización e prevención, dirixidas a erradicar por completo a violencia exercida sobre as mulleres.

A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser un obxectivo básico e ineludible das políticas públicas para calquera país que estea comprometido coa protección dos dereitos humanos, a non discriminación entre mulleres e homes e o rexeitamento a calquera forma de violencia, e así o asumiu España ao ratificar todos os convenios internacionais na materia. Entre eles destaca o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, máis coñecido como Convenio de Istambul. Este convenio, cuxo décimo aniversario acabamos de celebrar, aplícase fundamentalmente ás mulleres porque aborda formas de violencia que só sofren as mulleres polo mero feito de seren mulleres ou de maneira desproporcionada fronte a outras violencias.

Tal e como sinala a Recomendación do Comité de Ministros aos Estados membros do Consello de Europa para previr e combater o sexismo, aprobada o 27 de marzo de 2019, a violencia contra as mulleres está ligada ao sexismo, que crea un clima de intimidación, medo, discriminación, exclusión e inseguridade que limita as oportunidades e a liberdade das mulleres. O sexismo refórzase polos estereotipos de xénero que afectan a mulleres e homes, nenas e nenos, e impide a consecución da igualdade de xénero e o establecemento de sociedades, xustas, inclusivas e libres de violencia contra as mulleres. É por iso que o Convenio de Istambul, ratificado por España en 2014, obriga a promover cambios nos modos de comportamento socioculturais con vistas a erradicar calquera práctica baseada na idea da inferioridade da muller ou nun papel estereotipado das mulleres e dos homes. As políticas públicas desenvolvidas en España, desde 2004, para a erradicación da violencia contra as mulleres hai que enmarcalas no cumprimento destes compromisos internacionais e nacionais asumidos no contexto da consecución *de iure* e *de facto* da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Estas políticas públicas culminaron coa adopción dun Pacto de Estado contra a violencia de xénero en 2017 por todas as forzas políticas presentes no Congreso dos Deputados e no Senado, ao que posteriormente se uniron as comunidades autónomas, na Conferencia Sectorial de Igualdade, a sociedade civil e as institucións representadas no Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller. Iso pon de manifesto o amplo consenso político e social que houbo ata o de agora en España nesta materia.

A erradicación da violencia contra as mulleres non pode lograrse sen abordar as actitudes sociais que a toleran ou a xustifican. En definitiva, reducir a aceptabilidade social desta violencia é fundamental para previla e esíxenos un cambio na cultura, nas actitudes e nos comportamentos machistas que a fomentan. Para iso é fundamental incidir no ámbito educativo, fomentando unha educación en valores de igualdade e

respecto á diversidade como eixos que están no centro das nosas liberdades e dos nosos dereitos de cidadanía. Así mesmo, para o logro dunha sociedade plenamente igualitaria, resulta esencial a contribución activa dos medios de comunicación na construción dunha conciencia social que rexeite calquera forma de violencia contra a muller e apoie inequivocamente a quen a sofre.

Por todo iso, o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller fai público e mostra o seu rexeitamento máis contundente cara a calquera tipo de discurso que negue ou minimize a existencia da violencia contra as mulleres, que poña en dúbida que ten a súa orixe nunha sociedade patriarcal, que é exercida polo home contra a muller só pola súa condición de muller e que ten, por tanto, un carácter estrutural, fundamentado en relacións de superioridade exercida ao longo dos anos; máxime nuns días nos que fomos testemuñas do aumento de asasinatos machistas. Só nunha semana foron asasinadas cinco mulleres e unha menor, unha semana negra para quen loita contra a violencia exercida contra a muller. No que vai de ano, as cifras non son mellores: 17 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou as súas exparellas, por tanto atopámonos cunha secuela estrutural e cun problema de Estado que debe ser resolto co compromiso de todos os axentes sociais, coa sociedade civil, coa Xustiza e cos poderes públicos.

O Observatorio reitera, por tanto, a necesidade de seguir avanzando no cumprimento inmediato, sen criterios mornos e en todos os territorios do Estado, das medidas recollidas no Pacto de Estado que aínda non fosen implementadas para erradicar a violencia contra as mulleres, apoiar as vítimas e garantir o libre exercicio dos dereitos de todas as mulleres, desde o convencemento de que sen a liberdade e a seguridade das mulleres non é posible a construción dunha sociedade plenamente democrática.

A violencia de xénero perpetúa unhas relacións de dominación do home cara á muller, constitúe unha violación dos dereitos humanos e choca frontalmente co principio de igualdade de trato, amparado polas nosas leis. Debemos mostrar o noso rexeitamento cara a este tipo de discursos con toda a contundencia. Argumentar que a violencia de xénero non existe e que debe ser tratada ao mesmo nivel que calquera tipo de violencia é negar a súa existencia e pór en cuestión os avances que as mulleres foron logrando ao longo dos tempos. Non é posible aceptar actitudes sociais que a toleren ou a xustifiquen e os tribunais, xulgados e fiscalía, profesionais do dereito e de todos os ámbitos deben actuar nesa liña, con formación específica en xénero e tratando este problema estrutural dunha maneira integral.

O Observatorio fai fincapé na necesidade de avanzar nun diálogo construtivo, baseado en feitos e datos, con todos os sectores da sociedade co fin de proporcionar unha visión real, detallada e actual que contribúa á sensibilización, prevención e erradicación de toda violencia exercida sobre as mulleres.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE MAIO DO CORRENTE AÑO.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de maio de 2021.

2. APROBACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2021-CREXT-04 E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2021-SUPLE-03.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 24 de maio de 2021, en relación á aprobación dos expedientes de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e do suplemento de crédito 2021-SUPLE-03, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (n.º 2021/21668Z con número de encargo 9413) pola concelleira responsable de Emprego (por decreto 2121/4277 de data 18 de maio), en base ao manifestado polo responsable administrativo do centro xestor 21 Emprego, de solicitude de tramitación dun expediente de crédito extraordinario, financiado con baixas por anulación.
2. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (n.º de expediente 2021/20355N e n.º de encargo 9350) pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns, en base ao manifestado polo responsable administrativo do centro xestor 15 Medio Ambiente, de solicitude de tramitación dun expediente de suplemento de crédito, financiado con baixas por anulación.
3. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (n.º 2021/ 21653E e n.º de encargo 9400) polo concelleiro delegado de Medio Rural, en base ao manifestado polo responsable administrativo do centro xestor 35 Medio Rural, de solicitude de solicitude de tramitación dun expediente de crédito extraordinario, financiado con baixas por anulación.
4. Vista a comunicación de cesión de crédito asinada pola arqueóloga municipal e a concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica Acción Cultural e Igualdade en expediente electrónico do CX 28 Oficina de Cidade Histórica e Rehabilitación (nº de expediente electrónico 2021/ 21497G e n.º de encargo 9353) en relación ao proxecto 2014 2 ROCHA 26
5. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2021-CREXT-04- e de suplemento de crédito -baixo a codificación 2021-SUPLE-03- por un importe total de 78.768,28€, financiado con baixas por anulación.
6. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 17.04.2021.
7. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria de data 20.05.2021 e con número de referencia 38/2021.
8. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario, con número de referencia 363/2021.
9. Visto o acordo da Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 24.05.2021 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de suplemento de crédito 2021-CREXT-04 e 2021-SUPLE-03.

CONSIDERACIÓNS

1. Normativa de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 35, 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Acordo do Congreso dos Deputados, na sesión do 20 de outubro de 2020 na que apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021.

2. Consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cómprese os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, co número de expediente de referencia 2021-CREXT-04, e suplemento de crédito , con código 2021-SUPLE-03, posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

3. O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar e suplementar crédito consta de tres asuntos que se pasan a detallar:

1. Expediente 2021-CREXT-04 por un total de 56.254,65 € cos seguintes apartados:

a) HABILITACIÓN de crédito na aplicación 010 24100 6230001 de importe 7.900,00 euros no proxecto de gasto que se crea, 2021 2 SENDA 57, para dotar a achega municipal que lle permita ao Concello de Santiago de Compostela acollerse á subvención convocada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 15 do 25 de xaneiro de 2021). O obxecto a executar será a adquisición dun vehículo con distintivo ambiental cero emisións para o “Proxecto de sendas peonís dos xiros aos montes de Compostela” que o Concello está desenvolvendo.

b) HABILITACIÓN de crédito na aplicación 100 45400 6190002 incluída no proxecto de gasto que se crea, 2021 2 AGADE 58, de importe 48.569,40 euros para dotar a achega municipal que permita ao Concello de Santiago de Compostela acollerse á subvención convocada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (DOG nº 19 do 29 de xaneiro de 2021). O obxecto a executar será o acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).

2. Expediente 2021-SUPLE-03 de importe 22.513,63 euros:

a) SUPLEMENTO de crédito na aplicación 020 33110 6220000 incluída no proxecto de gasto 2020 2 VERTE 5 de importe 22.513,63 euros que permita ao Concello dar cobertura á licitación do contrato para o selado do vertedoiro de Aríns e aos gastos técnicos que conleve a actuación.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidades crédito extraordinario e suplemento de crédito, é de 78.768,28 euros, e resulta necesaria e imprescindible ao non existir no orzamento municipal actual crédito axeitado e suficiente para atender ás novas finalidades non previstas no orzamento vixente e para dar completa cobertura a aquela prevista inicialmente en menores importes.

O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Proxecto de sendas peonís dos xiros aos montes de Compostela	21	010	24100	6240001	2021 2 SENDA 57	0,00	7.900,00	7.900,00
Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).	35	0100	45400	6190002	2021 2 AGADE 58	0,00	48.354,65	48.354,65

TOTAL CREDITO EXTRAORDINARIO 2021-CREXT-04

56.254,65

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Selado do vertedoiro de Aríns	15	020	31100	6220000	2020 2 VERTE 5	988.371,74	22.513,63	1.010.885,37

TOTAL SUPLEMENTO DE CREDITO 2021-SUPLE-03

22.513,63

TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

78.768,28

Esta proposta de crédito extraordinario e de suplemento de crédito finánciase con baixas por anulación, por importe de 78.768,28 euros, do crédito dispoñible existente no orzamento actual nunha serie de aplicacións orzamentarias incluídas en dous proxectos de gasto cuxa dispoñibilidade se comunica desde os departamentos de Medio Rural e da Oficina de Cidade Histórica e Rehabilitación por ter concluída, no caso de 2018 2 AGADE 66, a finalidade para o que foron creados e por desenvolverse, no caso de 2014 2 ROCHA 26, con cargo a outro proxecto municipal (EDUSI). A relación de proxectos e importes que financian este modificativo de crédito son os seguintes:

Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
------------	-------------------------	----------	-----------------	---------------------	--------------------

Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	50.000,00	42.090,74	7.909,26
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a ampliación e mellora da plataforma de rodadura do vial de acceso a Lamasal	100	45400	6190000	2018 2 AGADE 66	36.677,54	36.677,54	0,00

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN

78.768,28

Neste sentido, fixéronse dúas operacións contables RC que financian respectivamente o crédito extraordinario e o suplemento de crédito co número de operación 220210006570 e números de referencia 22021004307 e 22021004308.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas, que adopte os seguintes ditames:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de **crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-04 por importe de CINCUENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (56.254,65 EUROS)** con base nos asuntos incluídos no apartado III.1 do informe proposta que se achega ao expediente, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2021-CREXT-04)						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Proxecto de sendas peóns dos xiros aos montes de Compostela	010	24100	6240001	2021 2 SENDA 57	7.900,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	090	34200	6320000	2014 2 ROCHA 26	7.900,00	
Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).	100	45400	6190002	2021 2 AGADE 58	48.354,65		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a ampliación e mellora da plataforma de rodadura do vial de acceso a Lamasal	100	45400	6190000	2018 2 AGADE 66	36.677,54	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	090	34200	6320000	2014 2 ROCHA 26	11.677,11	
					56.254,65								56.254,65

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe
Proxecto de sendas peonís dos xiros aos montes de Compostela	010	24100	6240001	2021 2 SENDA 57	7.900,00
Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).	100	45400	6190002	2021 2 AGADE 58	48.354,65
					56.254,65

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	090	34200	6320000	2014 2 ROCHA 26	19.577,11
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a ampliación e mellora da plataforma de rodadura do vial de acceso a Lamascal	100	45400	6190000	2018 2 AGADE 66	36.677,54
					56.254,65

Baixas por anulación: **56.254,65 euros**

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de **suplemento de crédito baixo o número de expediente 2021-SUPLE-03 por importe de VINTEDOUS MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (22.513,63 EUROS)** con base nos asuntos incluídos no apartado III.2 do informe proposta que se achega ao expediente, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2021-SUPLE-03)							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Selado do vertedoiro de Arins	020	31100	6220000	2020 2 VERTE 5	22.513,63	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	22.513,63
					22.513,63							22.513,63

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe
Selado do vertedoiro de Arins	020	31100	6220000	2020 2 VERTE 5	22.513,63
					22.513,63

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	22.513,63
					22.513,63

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	56.254,65 €
Total suplemento de crédito.....	22.513,63 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	78.768,28 €
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e suplemento de crédito 2021-SUPLE-03 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación

co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e suplemento de crédito 2021-SUPLE-03 se contra eles non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Á vista da proposta da concelleira delegada de economía e facenda, do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda correspondente a súa sesión ordinaria do día 24 de xuño do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e de Compostela Aberta (8 PP e 5 CA) acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-04 por importe de CINCUENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (56.254,65 EUROS) con base nos asuntos incluídos no apartado III.1 do informe proposta que se achega ao expediente, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2021-CREXT-04)						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Proxecto de sendas peonís dos xiros aos montes de Compostela	010	24100	6240001	2021 2 SENDA 57	7.900,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	090	34200	6320000	2014 2 ROCHA 26	7.900,00	
Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).	100	45400	6190002	2021 2 AGADE 58	48.354,65		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a ampliación e mellora da plataforma de rodadura do vial de acceso a Lamasal	100	45400	6190000	2018 2 AGADE 66	36.677,54	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	090	34200	6320000	2014 2 ROCHA 26	11.677,11	
					56.254,65								56.254,65

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe
Proxecto de sendas peonís dos xiros aos montes de Compostela	010	24100	6240001	2021 2 SENDA 57	7.900,00
Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).	100	45400	6190002	2021 2 AGADE 58	48.354,65
					56.254,65

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	090	34200	6320000	2014 2 ROCHA 26	19.577,11
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a ampliación e mellora da plataforma de rodadura do vial de acceso a Lamascal	100	45400	6190000	2018 2 AGADE 66	36.677,54
					56.254,65

Baixas por anulación: **56.254,65 euros**

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2021-SUPLE-03 por importe de VINTEDOUS MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (22.513,63 EUROS) con base nos asuntos incluídos no apartado III.2 do informe proposta que se achega ao expediente, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2021-SUPLE-03)							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Selado do vertedoiro de Aríns	020	31100	6220000	2020 2 VERTE 5	22.513,63	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	22.513,63
					22.513,63							22.513,63

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe
Selado do vertedoiro de Arins	020	31100	6220000	2020 2 VERTE 5	22.513,63
					22.513,63

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Caixabank S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2014 a atalaya de observación no castelo da Rocha.	050	33600	6090000	2014 2 ROCHA 26	22.513,63
					22.513,63

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	56.254,65 €
Total suplemento de crédito.....	22.513,63 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	78.768,28 €
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	

TERCEIRO: Na tramitación destes expedientes de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e de suplemento de crédito 2021-SUPLE-03 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo os expedientes inicialmente aprobados de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e de suplemento de crédito 2021-SUPLE-03 se contra eles non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2021-CREXT-05, FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2020, E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS PARA APROBAR UNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413.

Con data 16 de xuño de 2021, a concelleira delegada de economía e facenda, e en relación coa aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-05, ditou a seguinte proposta:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de tramitación e aprobación de gasto das facturas en situación de OPA a 31.12.2020 incluídas neste expediente a tramitar, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarios para o seu recoñecemento extraxudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados (achéganse co nome da arquivo <Expediente REC> toda a documentación escaneada remitida polos diversos centros xestores en relación as facturas incluídas neste expediente e cuxos orixinais están a disposición dos membros da Corporación nas oficinas onde se sitúa a intervención municipal).

2. Con base no acordo do Consello de Ministros de data 06.10.2020, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria número 51 celebrada o 20.10.2020, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEFS, polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante os exercicios 2020 e 2021.

3. Tendo en consideración a resolución nº 2021/2686 de 31.03.2021 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2020 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2020 en diante) de importe 9.005.992,90 euros e un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 737.128,98 euros.

4. Verificada a aplicación dunha grande parte do saldo do RLTGX 2020 coa aprobación do expediente de incorporación de remanentes 2021-INCOR-04 (resolución 2021/3077 de 14.04.2021) que aplicou 6.176.570,35 euros e coa aprobación plenaria dos expedientes de crédito extraordinario 2021-CREXT-03 e de suplemento de crédito 2021-SUPLE-02 que levaron a aplicación de 2.458.000,00 euros.

5. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de crédito extraordinario con código de expediente 2021-CREXT-05 de importe total de 313.873,59 euros, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2020, e de tramitación do acordo plenario de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2020 por importe total de 313.873,59 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación

polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón.

6. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 25.03.2021.

7. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 25.03.2021 e con número de referencia 45/2021.

8. Visto o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario e de recoñecemento extraxudicial de créditos.

9. Visto o acordo de Xunta de Goberno de 16.04.2021 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-05 e a tramitación do acordo plenario de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2020 por importe total de 313.873,59 euros.

CONSIDERACIÓNS

I. APLICACIÓN DO RLTGX 2020 PARA COBERTURA ORZAMENTARIA DUNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 (ACREDORES PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO).

Logo de ver que o importe do remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2020 (en diante RLTGX 2020) foi de 9.005.992,90 euros.

Tendo en consideración que que o importe aplicado ata o momento actual en expedientes anteriormente aprobados do RLTGX 2020 foi de 8.634.570,35 euros, quedando no momento actual pendente de aplicar deste recurso financeiro o importe de 371.422,55 euros, dos cales 313.573,59 euros aplicaranse neste expediente de crédito extraordinario.

Tendo coñecemento de que a normativa actual permite ás entidades locais, e para os exercicios 2020 e 2021, facer uso durante ese período dos remanentes de tesourería dispoñibles pola suspensión das regras fiscais que viñan sendo de aplicación, podendo destinar estes recursos financeiros ao financiamento de necesidades de gasto actuais nos Concellos e que sirvan de impulso na reconstrución económica e social ante a crise socioeconómica xerada pola COVID-19.

Verificado que, segundo se desprende da liquidación aprobada do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2020, existe un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 737.128,98 euros que para a súa aprobación e pagamento precisan do seu recoñecemento extraxudicial, prevéndose como recurso financeiro a utilizar para a súa extinción o que se detalla no seguinte cadro explicativo

Total OPAs 2020	737.128,98
OPAs 2020 financiadas co RLTGX 2020 incluídas no presente expediente 2021-CREXT-05	313.873,59
OPAs 2020 financiadas coa subvención da Deputación incluída no POS+ 2021	160.310,26

OPAs 2020 con crédito incluído no orzamento 2021	217.909,64
OPAs 2020 pendentes de habilitar crédito a financiar co RLTX 2020	8.466,86
OPAs 2020 pendentes de completar expediente de gasto a financiar co RLTX 2020	36.568,63

Logo de ver que consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

QUINTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-06, de suplemento de crédito 2021-SUPLE-04 e de aprobación de certas modificacións relativas a algunhas subvencións nominativas do departamento do servizo municipal de deportes, se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Á vista da proposta da concelleira delegada de economía e facenda, ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda correspondente a súa sesión ordinaria do día 24 de xuño do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número **2021-CREXT-06** con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **CORENTA E OITO MIL EUROS (48.000,00 euros)** coa finalidade de recoñecer no orzamento actual tres novas subvencións nominativas para o fomento e promoción de dinámicas deportivas de activación dentro do municipio, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2021-CREXT-06)						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición		Aplicación orzamentaria		Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición		Aplicación orzamentaria		Importe Baixas por anulación	
G15867260 FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA- FEDESA		090	34100	4890020	25.000,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G15103500 FEDERACIÓN GALLEGA DE A TLETISMO DE LA CORUÑA		090	34100	4890015	30.000,00
Q2878024E FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y DISCIPLINAS ASOCIADAS		090	34100	4890021	8.000,00		Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G32487381 ASOC DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ		090	34100	4890003	3.000,00
G05445374 SCUDEIRÍA SC21		090	34100	4890022	15.000,00		Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70550934 CLUB ESCUDERÍA SANTIAGO		090	34100	4890009	12.000,00
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70586193 ASOCIACIÓN CORRER E PENSAR		090	34100	4890005	3.000,00
					48.000,00							48.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2021-CREXT-06)						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
G15867260 FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - FEDESA	090	34100	4890020	0,00	25.000,00	25.000,00
Q2878024E FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y DISCIPLINAS ASOCIADAS	090	34100	4890021	0,00	8.000,00	8.000,00
G05445374 SCUDERÍA SC21	090	34100	4890022	0,00	15.000,00	15.000,00
					48.000,00	

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G15103500 FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA	090	34100	4890015	45.000,00	30.000,00	15.000,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G32487381 ASOC DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ	090	34100	4890003	3.000,00	3.000,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70550934 CLUB ESCUDERÍA SANTIAGO	090	34100	4890009	12.000,00	12.000,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70586193 ASOCIACIÓN CORRER E PENSAR	090	34100	4890005	12.000,00	3.000,00	9.000,00
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN					48.000,00	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito co número **2021-SUPLE-04** con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **TRINTA E UN MIL EUROS (31.000,00 euros)** coa finalidade de complementar o crédito dunha subvención nominativa actual do departamento de deportes, de complementar o importe actual previsto para atender as subvencións non nominativas para concorrencia competitiva de deportes e de complementar o crédito previsto no orzamento actual no proxecto de gasto 2020 2 FONTI 48 para completar o financiamento necesario para executar unha actuación urxente nunha instalación deportiva municipal (pulido e vernizado da tarima de parque do Pavillón de Fontiñas), financiado con baixas por anulación.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2021-SUPLE-04)						FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN							
Descrición		Aplicación orzamentaria		Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición		Aplicación orzamentaria			Importe Baixas por anulación	
G36640019 FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS		090	34100	4890016	2.500,00	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70586193 ASOCIACIÓN CORRER E PENSAR		090	34100	4890005	9.000,00	
SUBVENCIÓN NON NOMINATIVAS QUE XESTIONAR O DEPARTAMENTO DE DEPORTES POR CONCORRENCIA COMPETITIVA		090	34100	4890100	10.000,00		Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70306865 CLUB XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA		090	34100	4890012	5.000,00	
OBRAS RELATIVAS AO PULIDO E VERNIZADO DA TARIMA DO PARQUE DO PAVILLÓN DE FONTIÑAS		090	34200	6320000	2020 2 FONTI 48		18.500,00	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70226436 CLUB ATLETISMO FONTES DO SAR		090	34100	4890006	12.000,00
								Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación Q1518001A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		090	34100	4890019	5.000,00
					31.000,00								31.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2021-SUPLE-04)							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
G36640019 FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS	090	34100	4890016		3.500,00	2.500,00	6.000,00
SUBVENCIÓNS NON NOMINATIVAS QUE XESTIONAR O DEPARTAMENTO DE DEPORTES POR CONCORRENCIA COMPETITIVA	090	34100	4890100		290.000,00	10.000,00	300.000,00
OBRAS RELATIVAS AO PULIDO E VERNIZADO DA TARIMA DO PARQUÉ DO PAVILLÓN DE FONTIÑAS	090	34200	6320000	2020 2 FONTI 48	70.000,00	18.500,00	88.500,00
						31.000,00	

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70586193 ASOCIACIÓN CORRER E PENSAR	090	34100	4890005	9.000,00	9.000,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70306865 CLUB XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA	090	34100	4890012	5.000,00	5.000,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación G70226436 CLUB ATLETISMO FONTES DO SAR	090	34100	4890006	12.000,00	12.000,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación Q1518001A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	090	34100	4890019	5.000,00	5.000,00	0,00
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					31.000,00	

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	48.000,00 €
Total suplemento de crédito.....	31.000,00 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	79.000,00 €
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	

TERCEIRO: Aprobar as modificacións relativas a algunhas subvencións nominativas do departamento do servizo municipal de deportes que se ven afectadas polas modificacións de crédito propostas, que son:

1. Dar de baixa no anexo as seguintes subvencións nominativas:

Entidade beneficiaria	NIF beneficiario	Importe 2021	Aplicación orzamentaria	Obxecto
ASOC DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ	G32487381	3.000,00	090 34100 4890003	Colaborar nos gastos pola organización da proba deportiva O Camiño Race 2020
ASOCIACIÓN CORRER E PENSAR	G70586193	12.000,00	090 34100 4890005	Colaborar nos gastos pola organización dunha proba do circuito Euro City Racer Tour de Orientación (Compostela City Race) e campionato galego de distancia media
CLUB ATLETISMO FONTES DO SAR	G70226436	12.000,00	090 34100 4890006	Colaborar nos gastos pola organización da carreira nocturna de atletismo SantYago.
CLUB ESCUDERÍA SANTIAGO	G70550934	12.000,00	090 34100 4890009	Colaborar nos gastos pola organización do Rally Botafumeiro
CLUB XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA	G70306865	5.000,00	090 34100 4890012	Colaborar nos gastos pola organización do Torneo Ximnasia Rítmica Viravolta
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1518001A	5.000,00	090 34100 4890019	Colaborar nos gastos pola organización do Maxistral de Xadrez "Cidade de Compostela"

2. Cambiar o obxecto da seguinte subvención nominativa vinculada a Federación Galega de Ludo e DA, con CIF.: G15109267, co seguinte detalle final:

Entidade beneficiaria	NIF beneficiario	Importe inicial 2021	Importe definitivo 2021	Aplicación orzamentaria	Obxecto
FEDERACIÓN GALEGA DE LUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS	G15109267	6.000,00	6.000,00	090 34100 4890014	Colaborar nos gastos pola organización do Sector Galego do Campionato de España Junior 2021 "XIII Trofeo Cidade de Santiago"

3. Aumentar a contía prevista inicialmente e modificar o seu obxecto da seguinte subvención nominativa vinculada coa Federación Gallega de Kárate y Disciplinas Asociadas co seguinte detalle final:

Entidade beneficiaria	NIF beneficiario	Importe inicial 2021	Importe definitivo 2021	Aplicación orzamentaria	Obxecto
FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y DISCIPLINAS ASOCIADAS	G36640019	3.500,00	6.000,00	090 34100 4890016	Colaborar nos gastos pola organización do Campionato Galego infantil de Karate

4. Minorar a contía prevista inicialmente e modificar o seu obxecto da seguinte subvención nominativa vinculada á Federación Gallega de Atletismo de la Coruña co seguinte detalle final:

Entidade beneficiaria	NIF beneficiario	Importe inicial 2021	Importe definitivo 2021	Aplicación orzamentaria	Obxecto
FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA	G15103500	45.000,00	15.000,00	090 34100 4890015	Colaborar nos gastos pola organización dunha proba deportiva oficial de atletismo urbana denominada III Milla Urbana Portas de Compostela

5. Dar de alta no anexo as seguintes subvencións nominativas co seguinte detalle final:

Entidade beneficiaria	NIF beneficiario	Importe inicial 2021	Importe definitivo 2021	Aplicación orzamentaria	Obxecto
FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO (FEDESA)	G15867260		25.000,00	090 34100 4890020	Colaborar nos gastos pola súa participación na máxima categoría deportiva da cidade na modalidade de baloncesto sénior feminino durante o ano 2021
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y DISCIPLINAS ASOCIADAS	Q2878024E		8.000,00	090 34100 4890021	Colaborar nos gastos pola organización dun Campionato de España U23, cadete e escolar de Loita Olímpica
SCUDERÍA SC21	G05445374		15.000,00	090 34100 4890022	Colaborar nos gastos pola organización do XXVIII Rallye Botafumeiro

CUARTO: Na tramitación destes expedientes de crédito extraordinario, de suplemento de crédito e de aprobación de certas modificacións relativas a algunhas subvencións nominativas do departamento do servizo municipal de deportes, serán de aplicación as

normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

QUINTO: Elevar automaticamente a definitivo os expedientes inicialmente aprobados de crédito extraordinario 2021-CREXT-06, de suplemento de crédito 2021-SUPLE-04 e de aprobación de certas modificacións relativas a algunhas subvencións nominativas do departamento do servizo municipal de deportes, se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

5. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA DE DECLARAR NON DISPOÑIBLES OS CRÉDITOS INCLUÍDOS NA APLICACIÓN 060/33800/2269900 PARA O EXERCICIO DE 2021.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda con relación ao expediente do epígrafe ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de declaración de non dispoñibilidade do crédito no estado de gasto do orzamento municipal do exercicio 2021 na aplicación orzamentaria 060/33800/2269900 e importe 300.000,00 euros, con código de expediente 2021-ANDISP-01.
2. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 27.05.2021.
3. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria de data 27.05.2021 e con número de referencia 42/2021 en relación a este expediente de declaración de non dispoñibilidade de crédito.
4. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal emitido en relación a este expediente.

CONSIDERACIÓNS

Con motivo da tardanza na aprobación e entrada en vigor do orzamento actual, o centro xestor municipal de Festas solicitou á oficina orzamentaria a tramitación por urxencia, coincidente co período de información pública do orzamento municipal para o exercicio 2021, dun expediente de xeración de crédito por ingresos (2021-XENER-07) de importe 300.000,00 euros que se sustentaba no acordo de concesión de subvención directa de data 04.03.2021 e importe 300.000,00 euros ao Concello de Santiago polo Consorcio da cidade para a realización do espectáculo “Fogos do Apóstolo 2021”.

Dita subvención e o crédito afectado á mesma xa se recollía no orzamento do Concello aprobado inicialmente, e a modificación orzamentaria proposta non se recollía no anexo 0 de modificacións orzamentaria a anular polo Pleno coa entrada en

vigor do novo orzamento municipal.

A motivación da urxencia da xeración devíña da necesidade de dispor o antes posible, sen poder esperar a entrada en vigor do orzamento municipal, do crédito necesario para poder licitar o contrato de deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das Festas do Apóstolo 2021 do Concello de Santiago de Compostela (CON/12/2021). Ao tratarse dun expediente de contratación de regulación harmonizada e pola tipoloxía de servizo que se está a contratar (ao ser un servizo de espectáculos onde se prima a calidade estética e o deseño, os pregos establecen unha primeira fase de valoración de ofertas mediante criterios baseados en xuízos de valor que requiren o seu tempo de análise) os prazos para poder chegar a adxudicación do contrato co tempo suficiente que permitise a adxudicación e preparación dos traballos antes da celebración das festas se esgotaban, non podendo esperar a dispoñibilidade do crédito á entrada en vigor do orzamento municipal.

Deste xeito, recóllese en créditos iniciais do orzamento actual na aplicación orzamentaria 060/33800/2269900 un crédito por importe de 300.000,00 euros afectado a un ingreso (aplicación 46700) que serviu a súa vez de base para a aprobación dunha modificación orzamentaria modalidade de xeración de crédito que non se puido anular coa entrada en vigor do orzamento ao tramitarse no período de información pública do orzamento e non estar incluída no anexo 0 xa comentado.

Por este motivo, e co obxectivo de evitar a duplicidade de crédito na aplicación 060/33800/2269900 (o crédito recollido en créditos iniciais e o agregado procedente da xeración de crédito aprobada e non anulada) cuxo financiamento provén da mesma fonte de financiamento que resulta da subvención directa do Consorcio para a realización do espectáculo “Fogos do Apóstolo 2021”, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dun acordo de non dispoñibilidade de créditos por importe de 300.000,00 euros na aplicación 060/33800/2269900.

A non dispoñibilidade de créditos deriva do acto mediante o que se inmoviliza a totalidade ou parte do saldo do crédito dunha aplicación orzamentaria, declarándoo como non susceptible de ser empregado. En todo caso, a declaración de non dispoñibilidade non suporá a anulación do crédito, pero por conta do saldo declarado non dispoñible non poden acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non se poderá incorporar ao orzamento do exercicio seguinte -artigo 33 do RD 500/1990, de 20 de abril-.

Correspóndelle ao Pleno da Corporación a declaración de non dispoñibilidade dos créditos, así como a súa reposición á situación de dispoñibles.

Neste sentido, e ao efecto de que a bolsa de vinculación non dispoña dese crédito para atender e comprometer gasto por parte dos centros xestores afectados ata o momento no que se produza o acordo plenario de non dispoñibilidade, tense realizado unha operación contable RC preventiva na aplicación contable 060/33800/2269900 de importe 300.000,00 euros que garante o crédito necesario para o posterior acordo de non dispoñibilidade a adoptar polo Pleno da Corporación.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas, que adopte o seguinte ditame:

PRIMEIRO.- Declarar non dispoñibles os créditos incluídos na aplicación 060/33800/2269900 do orzamento municipal para o exercicio 2021, por importe de 300.000,00 euros, para contrarrestar o efecto na bolsa de vinculación da xeración de crédito por ingresos 2021-XENER-07 aprobada en resolución nº 2021/2930 de 09.04.2021 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, cuxa dotación afectada pola antedita modificación considerábase incluída nos créditos iniciais do orzamento definitivo e que finalmente non puido ser anulada coa entrada en vigor do novo orzamento ao tramitarse no prazo correspondente ao período de información pública do orzamento actual.”

Auséntase da sesión o concelleiro Don Javier Fernández Martínez.

Á vista da proposta da concelleira delegada de economía e facenda, ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda correspondente a súa sesión ordinaria do día 24 de xuño do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda:

Declarar non dispoñibles os créditos incluídos na aplicación 060/33800/2269900 do orzamento municipal para o exercicio 2021, por importe de 300.000,00 euros, para contrarrestar o efecto na bolsa de vinculación da xeración de crédito por ingresos 2021-XENER-07 aprobada en resolución nº 2021/2930 de 09.04.2021 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, cuxa dotación afectada pola antedita modificación considerábase incluída nos créditos iniciais do orzamento definitivo e que finalmente non puido ser anulada coa entrada en vigor do novo orzamento ao tramitarse no prazo correspondente ao período de información pública do orzamento actual.

Reincórpórase a sesión o concelleiro D. Javier Fernández.

6. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO ANO 2021.

Auséntase da sesión o concelleiro Don Evaristo Ben Otero.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, persoal, contratación de modernización da administración, sobre aprobación da modificación do cadro de persoal do ano 2021, de data 15 de xuño de 2021, ten o seguinte contido:

“A necesidade de modificación do cadro de persoal ou plantilla municipal para o ano 2021 ven provocada pola proposta de aprobación pola Xunta de Goberno Local, do plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Santiago de Compostela 2021-2023, que contempla como unha das súas principais medidas a funcionarización do persoal laboral.

Á parte do proceso de funcionarización, a modificación do cadro de persoal responde igualmente á necesidade de utilización dun xeito eficiente dos recursos públicos, o que leva consigo un cambio de criterio sobre certas decisións organizativas acordadas con anterioridade, co obxecto de que os efectivos cos que conta a administración municipal sirvan aos intereses públicos dun xeito integral. Este cambio de criterio

deriva en varias modificacións da plantilla aprobada definitivamente en sesión plenaria de 29 de abril de 2021, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de abril de 2021.

Os dous grandes apartados que vertebran a modificación -a funcionarización e outros cambios organizativos- explícanse a seguir polo miúdo:

1.- FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL

1.1.- XUSTIFICACIÓN DO PROCESO E OBXECTIVOS.

A contratación laboral foi un recurso moi utilizado por parte de todas as administracións públicas, o cal ten levado ao debate sobre cal é o ámbito de funcións que corresponden ao persoal funcionario e cal ao persoal laboral, e como deben realizarse os procesos de funcionarización do persoal laboral. No caso concreto do Concello de Santiago de Compostela, en moitas ocasións persoal funcionario e persoal laboral realizan idénticas funcións.

A descrición das funcións que corresponden ao persoal funcionario atópanse reguladas no artigo 9.2 do TREBEP. Neste sentido, a doutrina constitucional formulou unha opción, con carácter xeral, a favor do réxime estatutario do persoal empregado público, e decántase porque o réxime xeral debe ser o funcional; a cal se confirmou coa STC 37/2002. Aínda así, se seguiron producindo numerosas contratacións de persoal laboral na Administración en xeral, e neste concello en particular.

Non cabe dúbida en canto ao carácter constitucional do proceso de funcionarización xa que así o ratificou tanto o Tribunal Supremo como o Tribunal Constitucional, sempre que se cumpran un conxunto de requisitos nas bases e nas convocatorias, que se poden resumir nos seguintes:

- Que nos procesos de funcionarización se cumpran de maneira efectiva os principios de mérito e capacidade, para o cal sempre debe haber un proceso selectivo.
- Que o proceso sexa excepcional e que teña carácter transitorio, o cal impide a súa repetición no tempo e a reiteración do proceso sobre as mesmas prazas afectadas.
- O obxecto da convocatoria restrinxida non pode ser outra que conseguir adaptar o vínculo laboral ao réxime xurídico funcional, sen que isto poida servir de promoción profesional ou outras finalidades.

Á hora de participar nun proceso de funcionarización debemos ter moi clara a distinción entre o persoal laboral fixo e o persoal laboral indefinido, pois en palabras do Tribunal Supremo “o persoal laboral fixo é aquel que ten superado o procedemento de selección regulamentario, en cambio o persoal laboral indefinido non fixo é aquel que debido ao fraude de lei na contratación temporal a súa relación convértese en indefinida”.

A situación do persoal laboral indefinido non fixo segue sendo irregular, e a Administración está obrigada a adoptar nalgún momento as medidas precisas para a provisión regular do posto de traballo, mediante o oportuno proceso selectivo, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

En consecuencia, ata que esa situación de regularidade se produza, o persoal laboral

“indefinido” non ten opción algunha nin expectativa de funcionarización.

A xurisprudencia non recoñece o dereito do persoal laboral a funcionarizar as súas prazas, nin que a Administración estea obrigada a facelo, pero si se decanta sobre a capacidade de autoorganización da Administración Local podendo decidir, en base á mesma, que o proceso se leve a efecto.

Nos termos legalmente establecidos, levarase a cabo un proceso de funcionarización para o persoal laboral fixo que na actualidade ocupe prazas que a lexislación define de natureza funcionarial. Isto responde á intención do goberno municipal de que o persoal sexa na súa meirande parte funcionario, o que levará consigo a reconversión de prazas incluídas no cadro de persoal e de postos da relación de postos de traballo como reservadas na actualidade a persoal laboral para ser cubertas por persoal funcionario.

O proceso de funcionarización do persoal laboral fixo do Concello de Santiago de Compostela ten a súa fundamentación na Disposición transitoria segunda do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e na Disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Esta disposición transitoria componse de dúas partes:

- A primeira, relativa á garantía de estabilidade, implica que cando un posto de traballo pase a estar adscrito ao persoal funcionarial, iso non suporá o cese de quen viñera desempeñándoo en réxime laboral si así o desexa. Esa garantía de estabilidade é absoluta, e vincúlase sen embargo, unicamente á readscripción do posto de laboral a funcionario. Polo tanto, en ningún caso se poderá alegar a readscripción como causa de despedido.

- A segunda, e co fin de regularizar as situacións de incompatibilidade entre a natureza xurídica funcionarial destes novos postos de traballo e a relación ou vinculación laboral de quen os ocupa, o lexislador autoriza a levar a cabo un proceso de funcionarización, permitindo ao persoal laboral a súa participación nas probas de acceso aos corpos e escalas aos que figuren adscritas as funcións e os postos que desempeñe, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos exixidos, debendo valorarse a estes efectos como mérito os servizos efectivos prestados na súa condición de laboral, e as probas selectivas superadas para acceder ás mesmas.

Con esta redacción do segundo apartado da Disposición transitoria 2º do EBEP, queda claro que a participación no proceso de funcionarización se restrinxe ao persoal laboral fixo e polo tanto, sería ilegal a aceptación de participación no proceso de persoal laboral indefinido non fixo e persoal laboral temporal.

1.2.- ALCANCE DA MEDIDA

O proceso de funcionarización ten como obxectivos principais os seguintes:

*Facilitar a todo o cadro de persoal laboral do Concello (excepto a praza de dirección da Banda de música, reservada a contrato laboral de alta dirección) que poidan mudar o seu réxime xurídico de persoal laboral a persoal funcionario permitíndolles así a súa mobilidade.

*Garantir a promoción profesional en igualdade de condicións para todo o persoal empregado municipal.

Este proceso baséase na voluntariedade das persoas afectadas, a non discriminación, o mérito e a capacidade, a garantía de dereitos e a coherencia e racionalidade.

O proceso de funcionarización non supón custo económico algún, por canto o persoal laboral fixo a funcionarizar mantén todos os seus dereitos e retribucións, e só muda de réxime laboral a funcional.

Todas as prazas serán de persoal funcionario, independentemente do réxime xurídico da persoa empregada que as ocupen, a excepción da praza de Dirección da Banda Municipal de Música, catalogada como de “alta dirección”.

2.- DECISIONS ORGANIZATIVAS QUE IMPLICAN A MODIFICACIÓN DO CADRO APROBADO DEFINITIVAMENTE PARA O ANO 2021

Segundo o apartado 2 do artigo 126 do TRRL, as plantillas (cadros de persoal) poderán ser ampliadas sempre que o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gasto correntes non ampliados ou sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais. O establecido no dito apartado será sen prexuízo das limitacións específicas contidas nas leis especiais ou conxunturais.

No que atinxe ás modificacións de prazas, son consecuencia da necesidade de cambios de creación e supresión de postos de traballos que se recollerán na relación de postos de traballo.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar dúas prazas de técnico de administración xeral vacantes (unha incluída na oferta de emprego do ano 2019, creada para o departamento de persoal), e outra a incluír na oferta de 2021, que se suprimen e se transforman respectivamente nunha praza de técnico de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, denominación técnico/a en programación deportes, grupo A2 de titulación, e a outra nunha praza de técnico de xestión, administración xeral, subescala xestión, grupo A2.

Segundo.- Suprimir unha praza de uxier incluída na oferta de emprego do ano 2019, vacante na actualidade, unha de oficial xardineiro, grupo C2 de titulación, prevista para a súa inclusión na oferta de emprego do ano 2021, e unha de auxiliar de inspección de servizos, incluída na oferta de emprego do ano 2020, que se substitúen por tres prazas de auxiliar administrativo, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C2 de titulación.

Terceiro.- Suprimir 1 praza de conserxe funcionario (prevista para promoción interna debido a que non existen suficientes efectivos en activo para promocionar, e 3 prazas de conserxe laboral (agora a funcionarizar) pola mesma razón.

Cuarto.- Suprimir 3 prazas de cabo do Servizo de Extinción de Incendios e

Salvamento, a cubrir por promoción interna, co obxecto de articular debidamente as quendas do servizo.

Quinto.- Modificar a denominación de 4 prazas de oficiais carpinteiros da brigada de vías e obras, dúas incluídas na oferta de emprego do ano 2017 e outras dúas na do ano 2020, que pasan a denominarse oficiais de servizos múltiples

Sexto.- Adecuar as diferentes ofertas de emprego (OEPs) xa publicadas e a conseguinte modificación da RPT.

Sétimo.- Aprobar a modificación do cadro de persoal para o ano 2021, que recolle os cambios aos que se fixo referencia con anterioridade.”

Figuran no expediente informes da xefatura do servizo de persoal de data 28 de maio do corrente ano, e de intervención de data 11 de xuño seguinte.

Á vista proposta da concelleira delegada da área, máis dos informes de intervención e persoal, e do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda correspondente a súa sesión ordinaria do día 24 de xuño do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PP e BNG (7 PP e 2 BNG), e 5 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de CA, acorda aprobar inicialmente as modificacións do cadro de persoal para o presente exercicio:

Primeiro.- Modificar dúas prazas de técnico de administración xeral vacantes (unha incluída na oferta de emprego do ano 2019, creada para o departamento de persoal), e outra a incluír na oferta de 2021, que se suprimen e se transforman respectivamente nunha praza de técnico de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, denominación técnico/a en programación deportes, grupo A2 de titulación, e a outra nunha praza de técnico de xestión, administración xeral, subescala xestión, grupo A2.

Segundo.- Suprimir unha praza de uxier incluída na oferta de emprego do ano 2019, vacante na actualidade, unha de oficial xardineiro, grupo C2 de titulación, prevista para a súa inclusión na oferta de emprego do ano 2021, e unha de auxiliar de inspección de servizos, incluída na oferta de emprego do ano 2020, que se substitúen por tres prazas de auxiliar administrativo, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C2 de titulación.

Terceiro.- Suprimir 1 praza de conserxe funcionario (prevista para promoción interna debido a que non existen suficientes efectivos en activo para promocionar, e 3 prazas de conserxe laboral (agora a funcionarizar) pola mesma razón.

Cuarto.- Suprimir 3 prazas de cabo do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, a cubrir por promoción interna, co obxecto de articular debidamente as quendas do servizo.

Quinto.- Modificar a denominación de 4 prazas de oficiais carpinteiros da brigada de vías e obras, dúas incluídas na oferta de emprego do ano 2017 e outras dúas na do ano 2020, que pasan a denominarse oficiais de servizos múltiples.

Sexto.- Adecuar as diferentes ofertas de emprego (OEPs) xa publicadas e a conseguinte modificación da RPT.

Sétimo.- Aprobar a modificación do cadro de persoal para o ano 2021, que recolle os cambios aos que se fixo referencia con anterioridade.

Oitavo.- Someter o presente acordo de aprobación inicial a información pública, previo anuncio no BOP por un prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas, e este considerárase definitivamente aprobado, se contra o mesmo non se formularon reclamacións ou suxestións.

Antes de pasar a tratar o seguinte punto da orde do día, por parte da Alcaldía sinálase que van ser tratados os rogos.

Faise un descanso cando son as 11:57 horas e volve a retomarse a sesión ás 12:31 horas.

7. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA.

Auséntase da sesión o concelleiro D. Rubén Prol Mariño.

O informe proposta emitido en relación á aprobación inicial da modificación da ordenanza de circulación e uso da vía pública con data 13 de xuño de 2021, ten o seguinte contido:

“Visto o informe de carácter favorable condicionado emitido, con data 11 de xuño de 2021, pola Asesoría Xurídica do Concello, en relación co proxecto de modificación da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública remitido a dito departamento municipal, mediante dilixencia de data 11 de maio de 2021, ós efectos do informe previsto no artigo 89.3 do ROM do Pleno e de conformidade co disposto no artigo 9.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica, que non ten carácter vinculante, compre sinalar o seguinte:

1.- En primeiro lugar, é importante destacar como xa se fixo no informe proposta de aprobación do documento emitido por esta Xefatura de Servizo, con data 10 de maio de 2021, que non estamos ante unha nova norma xurídica, senón ante unha modificación puntual da norma existente, co fin de adaptar determinados preceptos da mesma ás modificacións normativas estatais e introducir a regulación de determinados aspectos que non estaban previstos na norma e que se consideran fundamentais para dar resposta ó modelo de mobilidade que o Concello de Santiago está a implantar, no eido das novas smartcities, onde os vehículos ceden o seu protagonismo ós peóns e os medios de transporte menos contaminantes e máis acordes coa protección medio ambiental.

2.- En segundo lugar, en canto á estrutura da norma é acorde con outras ordenanzas municipais e seguindo tamén o modelo do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial (TRLTSV) que incorpora unha serie de anexos que complementan o documento e que regulan aspectos específicos e concretos, como por exemplo a autorización das probas deportivas. En consecuencia, se mantén a estrutura orixinal da Ordenanza coa división da súa parte substantiva en Títulos e Capítulos, engadindo 5 anexos complementarios das súas disposicións, nos que se

recollen os planos que reflicten a clasificación das vías municipais como en desenvolvemento do Capítulo III do Título I da Norma (Anexo I), o específico réxime da mobilidade do casco histórico (Anexo II), a regulación dos vehículos de mobilidade persoal (Anexo III), os planos coas zonas de aparcamento de autobuses e camiós de gran tonelaxe (Anexo IV) e a clasificación de vehículos, que non é máis que a reprodución do Anexo I do TRLTSV e que se inclúe para facilitar a comprensión e lectura do documento.

Entrando xa, nas cuestións que está a plantexar o informe da Asesoría Xurídica:

a) A respecto das modificacións que propoñe que se inclúan no texto, por exemplo a actualización da referencia á Lei 27/2013, de 27 de decembro, no artigo 1 e a do artigo 3, con relación á definición de vía urbana, se acepta a suxestión.

b) Con relación á precisión respecto da capacidade reguladora da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía en determinadas materias que prevé a Ordenanza e para non entrar no debate da posible sorte de “conxelación de rango” que impediría a modificacións dos anexos por un procedemento distinto ó da modificación da norma, nada máis afastado da intención deste técnico informante, propónse, suprimir nos artigos 16 e 21 a referencia a súa posible modificación por acordo da Xunta de Goberno Local, por proposta da Alcaldía ou, por delegación, do Concelleiro competente en materia de mobilidade.

Asemade, para dar unha maior coherencia ó documento e posibilitar a habilitación legal da Xunta de Goberno, para a modificación dos Anexos da norma, concibidos como unha documentación complementaria da mesma, aínda que non de carácter substantivo, como o resto do documento, propónse, suprimir a Disposición Adicional 2ª e substituíla por unha Disposición Final na que se recolla o seguinte contido:

Habilitase á Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía, ou por delegado, do Concelleiro competente en materia de mobilidade aprobar as modificacións que sexa preciso realizar nos anexos desta normas sobre clasificación das vías urbanas, as normas sobre xestión e ordenación do casco histórico e os vehículos de mobilidade persoal.

c) Sobre o réxime sancionador e ante a suxestión de non incluír na norma a reprodución de preceptos legais, para evitar determinacións innecesarias que podan crear confusión na aplicación modifícase o artigo 71.3 da mesma, facendo unha remisión á normativa legal vixente, concretamente o artigo 75 do Texto Refundido da Lei de Tráfico e Seguridade Vial.

Polo que estase a referir á tipificación de novas infraccións relativas ó uso da bicicleta no artigo 71.4 e a súa cualificación de graves, non considero que se esta a producir un conflito co respecto ó principio de legalidade no ámbito sancionador, en base ás seguintes consideracións:

A recente xurisprudencia dos tribunais en relación co principio de autonomía local se inclina por un criterio de vinculación negativa, en virtude do que a competencia normativa das entidades locais non precisa unha específica habilitación legal en cada ámbito sectorial, no que se poda ditar unha ordenanza, sempre que non estea excluída dita competencia e non contraveña a lexislación estatal e autonómica.

A reserva de lei no ámbito sancionador se ve flexibilizado pola lexitimidade das

normas regulamentarias aprobadas polas entidades locais, dentro do seu marco competencial, neste senso considero que existe tal marco competencial que, como ben dí o informe da Asesoría Xurídica, o lexislador estatal no artigo 7 a) do Real Decreto Lexislativo 6/2015 de 30 de outubro considera competentes e encomenda ós municipios a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade...", polo que é fundamental establecer un marco sancionador relacionado directamente coa ordenación do tráfico e a xestión das vías urbanas que a norma propón. Tendo en conta que o artigo 27 do proxecto contempla unha nova regulación do uso da bicicleta, o proxecto debe tamén recoller o réxime sancionador aplicable o seu uso, considerando como infraccións graves unha serie de condutas que poden poñer en perigo a seguridade vial.

Por elo, considero que debe manterse a tipificación que recolle o artigo 71.4 nos apartados a-f.

Con relación as sancións correspondentes a estas infraccións, a norma non establece un elenco distinto ó previsto nas disposicións legais contidas no TRLTSV aplicables ás infraccións consideradas graves; poren, tendo en conta que as infraccións tipificadas no proxecto non están expresamente previstas na lei, resulta procedente incluír unha referencia expresa a elo.

Polo que se refire á tipificación como infracción grave do estacionamento de vehículos para a súa venda ou con fins publicitarios; por un tempo superior a 24 horas, para efectuar a actividade de venda ambulante, sen autorización ou, para levar a cabo o seu arranxo non puntual na vía pública, o artigo 39.4 do TRLTSV encomenda de xeito expreso ós concellos a posibilidade de establecer o réxime de parada e estacionamento, polo que os habilita para a adopción das medidas correctoras que sexan precisas para elo.

d) En canto ó sinalado no informe a respecto da depuración de artigos concretos para acadar a corrección xurídica de determinados preceptos do proxecto e concretamente os apartados 27.C 1 e 2 e o apartado D do mesmo artigo, aceptase a suxestión do informe da Asesoría Xurídica e se propón a modificación dos artigos quedando como segue:

1. As bicicletas terán que estacionar preferentemente nos lugares habilitados, deixando libre en todos os casos un espazo de tres metros para as persoas. De non haber prazas de aparcamento gratuítas, poderán amarrarse a elementos de mobiliario urbano sempre que non os afecten nin alteren a súa función ou impidan a accesibilidade, o tránsito peonil e a circulación de vehículos.

Polo que se refire ó apartado D, do artigo 27, quedará redactado como segue, en coherencia co disposto no artigo 7.c) do TRLTSV :

As bicicletas só poderán ser retiradas e levadas ó correspondente depósito se están abandonadas ou se, estando amarradas dificulten a circulación de vehículos ou persoas ou danen o mobiliario urbano".

En derradeiro lugar, se recolle expresamente no Anexo III a prohibición de circulación de VMP por túneles urbanos, de conformidade co disposto no artigo 38.4 do Regulamento de Circulación.

3.- En canto ó manifestado no derradeiro apartado do informe da Asesoría Xurídica a respecto do procedemento a seguir e órgano competente se fai expresa mención á necesidade de completar o expediente coa xustificación do cumprimento do trámite de consulta pública previa elaboración do proxecto de regulamento, artigo 133 da LPAC, non se considera aplicable pois, tal e como se fai constar no informe proposta elaborado por esta Xefatura de Servizo, con data 10 de maio de 2021, non estamos ante un proxecto de regulamento senón ante unha modificación puntual da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, co fin de adaptala as modificacións da normativa estatal en materia de ordenación do tráfico e seguridade vial e para recoller aspectos que a norma non contemplaba, sendo aplicable a excepción previsto no derradeiro parágrafo do artigo 133, que o efecto dispón: *“Cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero”* xa que, a proxecto non ten un impacto significativo sobre a actividade económica, pois se centra substancialmente na ordenación e xestión do tráfico nas vías urbanas, non impón obrigas relevantes ós cidadáns máis alo que as establecidas na lexislación estatal e regula aspectos parciais relativas á configuración do tráfico nas vías urbanas establecendo o marco normativa preciso para dar cobertura ás medidas que o Concello está xa a implantar nas vías públicas con medidas de calmado de tráfico e restricións á circulación de vehículos en determinadas vías e control de accesos á cidade histórica para a protección do patrimonio histórico da cidade.

Sobre a necesidade do informe da Secretaría Xeral do Pleno antes da aprobación inicial do regulamento, por ter natureza orgánica, en base ó disposto no artigo 88.1 do Regulamento Orgánico do Pleno da Corporación sinalar que non é esixible, xa que o proxecto de modificación da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública non ten natureza orgánica.

A vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno a aprobación do proxecto de modificación puntual da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, aprobada polo Pleno da Corporación, o día 6 de marzo de 1998. Publicada no BOP de A Coruña do 7 de maio de 1998 e as posteriores modificación publicadas nos BOP do 9 de xuño de 2000, 26 de maio de 2006, 13 de xullo de 2006 (artigo 110.3), 24 de febreiro de 2010 (artigos 58 a 67) e outras como a disposición derogatoria como consecuencia da aprobación da Ordenanza de Terrazas e de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública, segundo do texto que se xunta a este informe e que recolle as suxestións formuladas pola Asesoría Xurídica, en función das consideracións expostas anteriormente.

Unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, se seguirá o procedemento previsto no artigo 49 da meritada Lei de Bases que determina:

A aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial do Pleno.
- b) Información Pública e audiencia dos interesados por prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva.

No caso de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

En derradeiro lugar, e da cordo co disposto no artigo 131, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en canto á publicade da norma, deberase realizar no BOP de A Coruña e transcorridos 15 días soltos, en función do previsto no artigo 65 da Lei de Bases de Réxime Local, entrará en vigor e producirá efectos xurídicos. Adicionalmente e para facilitar o xeral coñecemento da mesma se publicará tamén na sede electrónica ou páxina web do concello, segundo o previsto no artigo 7 c) e e) da Lei 19/2013 de 13 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Para a aprobación da modificación da ordenanza polo Pleno da Corporación se considera necesario o informe previo de Asesoría Xurídica, de conformidade co disposto no artigo 89 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno da Corporación. Se entende que non é preciso o informe de intervención xa que, ademais de non atoparnos en ningún dos supostos previstos no artigo 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que determinarían a necesidade do devandito informe, a aprobación do documento non xenera consecuencias económicas que o fagan necesario.”

Presentaron emendas á ordenanza de circulación e uso da vía pública, os grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG.

As emendas presentadas por CA, acadaron as seguintes votacións:

Emendas 1, 5, 7 e 8:

O Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), 7 abstencións dos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PP, e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que foron rexeitadas as emendas 1, 5, 7 e 8.

Emendas 2, 3, 4 e 6:

O Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 9 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PP, acepta as seguintes modificacións propostas nas emendas 2, 3, 4 e 6:

Emenda 2: EMENDA DE SUBSTITUCIÓN : *Artigo 27. Bicicletas*

A. Normas xerais. Punto 1

Primeiro parágrafo. *Como norma xeral, as bicicletas circularán obrigatoriamente pola calzada e permitirase a circulación en paralelo agás cando o fagan por espazos autorizados particularmente estreitos, onde o farán en liña e evitando a formación de grupos.*

Substituir por:

Poderase circular en grupo formando unha columna de dous como máximo agás que as circunstancias do tráfico ou as condicións de visibilidade non o permitan.

3. EMENDA DE ENGÁDEGA: *Artigo 27. Bicicletas*

A. Normas xerais. Punto 1

Terceiro parágrafo *Cando as bicicletas circulen pola calzada poderán arrastrar un remolque ou semiremolque, tanto de día como de noite, para o transporte de todo tipo de vultos en dispositivos debidamente certificados ou homologados, coas limitacións de peso que teñan estipuladas.*

Engadir:

vultos e animais

4. EMENDA DE SUBSTITUCIÓN: *Artigo 27. Bicicletas*

A. Normas xerais. Punto 1

Cuarto parágrafo *Cando quen conduza sexa maior de idade poderá transportar unha persoa de ata sete anos nunha cadeira adaptada á bicicleta e debidamente certificada e homologada, coa limitación de peso que o dispositivo teña establecida.*

Substituir por:

As bicicletas poderán transportar, cando o condutor sexa maior de idade e baixo a súa responsabilidade, persoas en asentos adicionais ou remolques, acoplados ás bicicletas, debidamente certificados e homologados, coas limitacións de peso que estes dispositivos estipulen.

6. EMENDA DE SUBSTITUCIÓN: *Artigo 27. Bicicletas*

Punto 7 Como norma xeral considerase prohibido: [...]

Sección C Estacionamento de Bicicletas

1 . As bicicletas terán que estacionar preferentemente nos lugares habilitados, deixando libre en todos os casos un espazo de tres metros para as persoas.

Substituir por:

As bicicletas terán que estacionar preferentemente nos lugares habilitados, deixando libre en todos os casos un espazo mínimo de 1,50 para cumprir os parámetros de accesibilidade.

Con respecto ás emendas presentadas polo BNG:

O Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), 7 abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e 9 votos en contra dos/as concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que resultaron rexeitadas na súa totalidade as emendas presentadas polo BNG.

A continuación votáronse as emendas de CA aceptadas pola concellaría de mobilidade, que son as mesmas e acadaron idéntica votación que as de Compostela Aberta referidas anteriormente.

Xa que logo, á vista do informe proposta, do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión ordinaria do día 24 de xuño do corrente ano, e as emendas aceptadas, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 9 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PP, acorda:

- a) Aprobación inicial das modificacións da ordenanza de circulación e uso da vía pública, nas que tamén se incorporan as emendas aceptadas. A totalidade das modificacións aprobadas aparecen remarcadas no texto da ordenanza en vermello.
- b) Someter o acordo aprobado inicialmente a información pública e audiencia dos interesados por prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva.

No caso de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

En derradeiro lugar, e de acordo co disposto no artigo 131, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en canto á publicidade da norma, deberase realizar no BOP de A Coruña e transcorridos 15 días hábiles, en función do previsto no artigo 65 da Lei de Bases de Réxime Local, entrará en vigor e producirá efectos xurídicos. Adicionalmente e para facilitar o xeral coñecemento da mesma publicarase tamén na sede electrónica ou páxina web do concello, segundo o previsto no artigo 7 c) e e) da Lei 19/2013 de 13 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA NON AUTORIZAR A INSTALACIÓN DUNHA GASOLINEIRA NO ESPAZO RESIDENCIAL DE BRANDIA.

Con data 17 de xuño do corrente ano, presentouse a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo tén como obxectivo o de non amparar a autorización dunha gasolineira na urbanización ede Brandía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas últimas semanas volveu á actualidade a tentativa dunha empresa de hidrocarburos de instalar unha gasolineira nunha parcela de uso comercial situada xusto na entrada da zona residencial da urbanización de Brandía, no medio das vivendas, en fronte da entrada da Papeleira de Brandía, das paradas do bus urbano e do camiño de entrada cara o Hotel da Quinta da Auga. Unha situación que conta con evidente oposición veciñal, así como das empresas ou negocios tamén afectados, que teñen presentado as súas correspondentes alegacións ao proxecto.

Concretamente, a gasolineira pretende instalarse, conxuntamente cun edificio comercial, na parcela Z-2A do SUNP 29 de Brandía, e conta con varias eivas como para que o Concello de Santiago non autorice a instalación da mesma. En primeiro lugar parece que existe un evidente fraude de lei pois a nova tentativa de instalar esta gasolineira vén acompañada da súa camuflaxe como actividade secundaria dunha suposta actividade principal comercial. Un feito máis que dubidoso cando a empresa que solicita a licenza para a “nova área comercial” atende á denominación de “Carburantes Lugo SL” que no seu obxecto social non aparece a venda minorista de alimentación ou algunha outra actividade comercial diferente da venda de combustible.

Tendo, ademais, esta empresa o antecedente de ter sido a mesma que solicitou anteriormente a instalación dunha gasoleira na mesma parcela, sen área comercial. Ademais, hai varias cuestións técnicas como a obvia infracción da Lei estatal de Hidrocarburos que no seu artigo 107.4 prohibe edificar a menos de 10 metros de instalacións como o gaseoducto que pasa ao lado da parcela e que subministra á Papeleira de Brandía. Un feito que supón, ademais dun grave incumprimento da lei, un evidente risco de explosión -en zona residencial- por causa da interacción entre ambas instalacións. Ou a nula integración estética da gasoleira co deseño arquitectónico da urbanización e coa calidade paisaxística da contorna, tal e como demanda a ordenanza zonal do Plan Parcial do SUNP-37, así como o PXOM vixente e a normativa urbanística galega.

Por se todo o anterior non fora suficiente, son moitas outras as cuestións sobre as que o Concello terá que estar estremadamente vixilante e, en todo caso, dar unha resposta debida. Preténdese unha modificación de usos dun acceso a un viario de competencia galega, neste caso a AC-543, e construír a menos de 15 metros deste viario en sentido contrario ao que indica a Lei de Estradas de Galicia. Tamén é preocupante que se garanta o cumprimento da normativa antincendios posto que o proxecto promove unha instalación desatendida e con funcionamento nocturno tamén. Ou que non se vaian cumprir as normativas municipais no relativo ás prazas de estacionamento que teñen que garantir este tipo de establecementos, ou o incumprimento da ordenanza municipal ao eliminar a accesibilidade nas beirarruas da contorna, o incumprimento da ordenanza municipal de medio ambiente urbano coa pretensión de tala de árbores na zona, e tamén un posible incumprimento da ordenanza e normativa galega contra o ruído. Un proxecto que tampouco se adapta ás esixencias da recente Lei do Cambio Climático, que esixirá a instalación dun punto de recarga eléctrico e, polo tanto, un reforzamento da liña eléctrica.

O tema non é novo para o Pleno municipal que xa en setembro de 2017 aprobou por unanimidade de todos os grupos -cos votos a favor do grupo de goberno e dos tres grupos da oposición- unha moción que acordaba un rexeitamento á instalación desta gasoleira. Naquel momento, o goberno de Compostela Aberta velou polos intereses da veciñanza e a gasoleira non se instalou finalmente. Co agravante de que nas inmediacións da zona existe outra parcela, no SUNP-8 Monte Vidán na que está previsto o desenvolvemento dunha zona comercial e dunha gasoleira de apoio á mesma.

Por todo o anterior, córrese o grave o risco dun importante impacto paisaxístico e ambiental en toda a contorna e semella evidente que os usos propostos son dificilmente compatibles coa contorna urbana e social da zona. Un caso no que unha vez máis os intereses económicos e de empresas particulares agreden social e ambientalmente ás poboacións locais, e que non debe ser amparado polas institucións públicas que teñen como obxectivo salvagardar o ben común.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Declarar o non amparo do Pleno do Concello de Santiago ás sucesivas tentativas de instalación dunha gasoleira na entrada da urbanización de Brandía, nunha zona residencial de importante valor paisaxístico e urbanístico.

2. Os grupos municipais do Concello de Santiago manifestan o seu apoio á veciñanza de Brandía na súa lexitima oposición á instalación dunha gasoleira ao pé das súas

casas, e na entrada da súa zona residencial.

3. Instar ao correspondente órgano de goberno a revisar e vixiar especialmente esta solicitude de instalación dunha gasoleira en Brandía e a ter en conta todas as alegacións da veciñanza afectada, así como as das empresas e negocios tamén afectados.

4. Instar ao goberno municipal a que na modificación do PXOM relativa aos usos, que está en tramitación, se incorpore a incompatibilidade deste uso de gasoleira naquelas parcelas de uso comercial integradas na trama urbana e se restrinxa este uso unicamente a aquelas que o contemplaban no PXOM aprobado no 2008.”

Foron debatidas conxuntamente esta proposición e a moción presentada polo BNG, sobre a gasoleira.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 7 PP), acorda:

1. Declarar o non amparo do Pleno do Concello de Santiago ás sucesivas tentativas de instalación dunha gasoleira na entrada da urbanización de Brandía, nunha zona residencial de importante valor paisaxístico e urbanístico.

2. Os grupos municipais do Concello de Santiago manifestan o seu apoio á veciñanza de Brandía na súa lexitima oposición á instalación dunha gasoleira ao pé das súas casas, e na entrada da súa zona residencial.

3. Instar ao correspondente órgano de goberno a revisar e vixiar especialmente esta solicitude de instalación dunha gasoleira en Brandía e a ter en conta todas as alegacións da veciñanza afectada, así como as das empresas e negocios tamén afectados.

4. Instar ao goberno municipal a que na modificación do PXOM relativa aos usos, que está en tramitación, se incorpore a incompatibilidade deste uso de gasoleira naquelas parcelas de uso comercial integradas na trama urbana e se restrinxa este uso unicamente a aquelas que o contemplaban no PXOM aprobado no 2008.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL CONTINUADO PARA ATRAER CLIENTELA DA COMARCA E DA EURORREXIÓN GALIZA-NORTE DE PORTUGAL.

Con data 18 de xuño do corrente ano, presentouse a proposición que a continuación se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para desenvolver un programa continuado de dinamización do comercio local, con actividades de conciliación, facilidades de transporte, de aloxamento e de aparcamento, para atraer clientela da comarca e da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, que será intensificado previo á campaña de Nadal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A campaña “Compostela, capital de compras”, impulsada pola Concellaría de Promoción Económica en 2007 cando era dirixida polo BNG, conseguiu consolidar Santiago de Compostela como un referente comercial da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal e contribuíu a desestacionalizar o turismo e as compras no pequeno comercio. Daquela, colaboraran Turgalicia e o Concello de Santiago.

En outubro de 2019, o BNG trasladou ao Pleno unha iniciativa para desenvolver, en colaboración co asociacionismo e comerciantes que queiran adherirse, un plan para impulsar o comercio de proximidade compostelán con carácter plurianual con sensibilización e difusión do importante comercio local, actividades, servizos de conciliación e facilidades de aparcamento de vehículos. Un ano despois, en novembro de 2020, vinculado á recuperación da pandemia, trasladou outra iniciativa para desenvolver unha campaña para apoiar o comercio de proximidade compostelán e fomentar a compra de produtos galegos coincidindo coa tempada de agasallos de Nadal.

Neste contexto, pese ás axudas ao comercio para facerlle fronte á pandemia é evidente que cómpre adoptar medidas continuadas que acompañen os establecementos de proximidade e os mercados locais con campañas públicas de apoio e dinamización para atraer persoas da comarca de Compostela a comprar nos pequenos establecementos, como demandan desde as asociacións de comerciantes.

Unha oportunidade que se abre é usar as sinerxías das actividades de dinamización cultural e conciliación aplicadas ao comercio. Desta maneira o programa pode ter unha dupla utilidade para beneficiar o sector comercial e o sector cultural, tamén castigado pola crise, ademais de contar con atractivos diferenciadores para a captación de clientela da contorna.

En paralelo, pódese promocionar a venda da nosa artesanía, música, libros, xoguetes non sexistas e produtos que se crean directamente no noso país e, polo tanto, redundan na nosa economía. Cando se apoia o comercio e a venda de produtos de proximidade créase riqueza na economía local e galega, ademais de constituír un xeito máis de humanizar a cidade e de favorecer o seu dinamismo.

Con esta campaña de sensibilización de consumo preténdese contribuír a frear o peche de tendas e a destrución de postos de traballo por mor da crise económica e da pandemia da covid-19, que se agudizaron nos últimos anos coas medidas de liberalización comercial.

Do mesmo xeito que a Prima 21, pódese facer unha campaña semellante na ponte do 4 ao 8 de decembro como unha festa de comercio aberto con vocación de continuidade e que conte cun intenso programa de actividades até o Nadal.

Este evento pode contar con actividades de animación de rúa en diversas zonas da cidade, nas zonas comerciais da Cidade histórica, Ensanche, As Fontiñas, San Pedro e Conxo. Xunto con pasarrúas, animacións musicais, concertos, teatro e obradoiros de artesanía, as asociacións de comerciantes reclaman que se desenvolva un programa de conciliación para nenos e nenas e un sistema de bonos ou outras facilidades para o aparcamento de vehículos. Isto pode complementarse cun sistema de autobús interurbano co fin de reducir o tráfico e ofrecer maior comodidade ás persoas das vilas

da contorna de Compostela.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago impulsará un programa continuado de dinamización do comercio local, con actividades de conciliación, facilidades de transporte, de aloxamento e de aparcamento, para recuperar o prestixio de “Compostela, capital de compras” e atraer xente da comarca de Compostela e da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 7 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello impulse un programa continuado de dinamización do comercio local, con actividades de conciliación, facilidades de transporte, de aloxamento e de aparcamento, para recuperar o prestixio de “Compostela, capital de compras” e atraer xente da comarca de Compostela e da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A CREACIÓN DO BORRADOR TRIBUTARIO DA CIDADANÍA E O PAGAMENTO A PRAZOS DOS TRIBUTOS.

A presente proposición presentada con data 18 de xuño do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia e a súa consecuencia práctica, a información, son dous principios fundamentais para a conformación dunhas institucións públicas cada paso máis participativas e democráticas.

A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos sobre os que se debe articular toda acción política e, con ese fin, a lexislación o que fai é regular o marco mínimo ao que deben axustar a súa actividade todas as administracións públicas, incluída a local.

Isto é importante, por canto se configura desta maneira un labor proactivo, tanto na súa aplicación como no seu papel dinamizador da actividade, que cada Goberno e administración pública deben poñer en marcha para mellora a súa forma de relacionarse coa cidadanía.

A transparencia non poden entenderse como unha carga adicional coa que hai que cumprir. É un principio xeral que debe inspirar toda a actuación do Goberno e da administración pública no seu conxunto. Neste sentido, en tanto que en principio xeral, ha de ter un carácter transversal e debe inserirse en cada procedemento e modo de xestión dos diferentes servizos públicos.

A transparencia pode e debe converterse, desta forma, nunha panca de cambio e posta ao día do resto de principios que inspiran a actividade da Administración. Así, ademais de dotar de maior protagonismo á participación da cidadanía nos asuntos públicos, conformando a participación como rigorosa colaboración, tería que servir para mellorar a eficacia e eficiencia na xestión dos recursos.

En definitiva, trátase de avanzar cara a un Goberno aberto, aquel que se basea na transparencia como medio para a mellor consecución do fin de involucrar á cidadanía na participación e na colaboración co público. Un Goberno aberto baseado na transparencia para afondar na participación e na colaboración.

Nese contexto, para mellorar a eficacia e eficiencia na xestión dos recursos, é necesario que o Goberno local dea pasos firmes en dous aspectos claves en materia de transparencia e eficiencia dos recursos públicos:

En primeiro lugar, cómpre trasladar a información tributaria da carga anual total de cada veciño ou veciña coa debida antelación para informalos anticipadamente das súas obrigas tributarias.

En segundo lugar, o Goberno debe facilitar a planificación dos contribuíntes para o pagamento, así como alixear a presión fiscal dando facilidades para o fraccionamento.

Estas dúas actuacións posibilitarán ou deberían posibilitar a redución dos impagos ou dos casos de difícil cobro, por canto ao ter cada contribuínte a relación dos seus principais tributos, iso permítelle a planificación, verificación e acoutamento do seu pagamento.

O envío a principios de ano da carga real tributaria por todos os conceptos de impostos de vencemento periódico, é dicir, aqueles que son fixos e que pagará cada contribuínte -como o IBI, o Imposto de Vehículos, o IAE, vaos, mesas e cadeiras, lixo e auga-, facilitará a información necesaria á veciñanza sobre a súa carga fiscal e a planificación necesaria para afrontala, conformando deste xeito, unha desexable interacción de transparencia entre Goberno e contribuínte.

Por outra banda, a devandita información para a planificación no pagamento, debe posibilitar o fraccionamento en ata 6 prazos.

Esta implementación, de ningún modo, vai provocar tensións de tesourería, por canto o Goberno local, de acordo cos últimos datos, tivo un superávit en 2019 de 12.123.295,23 euros, e rematou o ano con 36,16 millóns de euros nos bancos. E en 2020 as magnitudes foron similares con 9.005.992,90 euros de superávit e 44,30 millóns de euros en Tesourería.

Conforme ao exposto, proponse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao Goberno Municipal a:

1.- Iniciar os trámites para a implantación do “borrador tributario do contribuínte”, que se deberá achegar a principios de ano e a título informativo a cada veciño ou veciña

contribuínte, cos importes, prazos e opcións de fraccionamento en ata 6 prazos dos tributos de vencemento periódico.

2.- Dotar dos medios persoais e técnicos necesarios para este fin ao departamento de Tesourería do Concello, así como aos servizos informáticos.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno municipal a:

1.- Iniciar os trámites para a implantación do “borrador tributario do contribuínte”, que se deberá achegar a principios de ano e a título informativo a cada veciño ou veciña contribuínte, cos importes, prazos e opcións de fraccionamento en ata 6 prazos dos tributos de vencemento periódico.

2.- Dotar dos medios persoais e técnicos necesarios para este fin ao departamento de Tesourería do Concello, así como aos servizos informáticos.”

Interrómpese a sesión cando son as 14:31 horas, e volve a reanudarse ás 16:07 horas.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA MANIFESTAR O APOIO Á REHABILITACIÓN E PERMANENCIA DO CONVOI HISTÓRICO NO ACCESO Á ESTACIÓN INTERMODAL.

A proposición do epígrafe foi presentada con data 21 de xuño do corrente ano, e ten o contido que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios deste mes de xuño, o alcalde de Santiago realizou unha declaracións públicas nas que, cunha inusitada falta de sensibilidade e unha discutible visión estética, condenaba a permanencia dunha estrutura ferroviaria histórica na explanada da estación ferroviaria, chegando a afirmar que ofrecía “unha imaxe lamentable” e que “non pinta nada” nese lugar, avogando pola súa retirada.

Sorprende que o alcalde realice unhas manifestacións deste tipo sen documentarse antes sobre o valor e sobre o significado do obxecto da súa crítica, posto que tanto a locomotora como o vagón ferroviarios, son pezas históricas e forman parte da memoria colectiva recente da cidadanía compostelá.

A locomotora diésel eléctrica ALCO 1808 que se mostra na explanada ferroviaria é unha das 24 unidades de fabricación norteamericana adquiridas por Renfe en 1958 para substituír ás vellas máquinas de vapor. Un modelo idéntico a este foi o que fixo a viaxe inaugural da liña entre Ourense e Santiago o 8 de setembro de 1958, que acurtou notablemente o tempo de viaxe a Madrid ao evitar os rodeos pola Coruña ou Redondela. Na actualidade unicamente se mantén operativa outra máquina como esta no Museo do Ferrocarril Galego en Monforte de Lemos.

Pola súa parte, o vagón de viaxeiros, coñecido popularmente como “Verderón” pola súa color orixinal, foi construído cara a 1930 e, despois de pasar varios anos estacionado nas vías da estación compostelá, foi rehabilitado en 1985.

A idea do alcalde de retirar a locomotora e o vagón contrasta coa actitude do Concello, do seu grupo e mesmo da súa persoa no pasado, posto que o vagón foi rehabilitado no ano 1985, durante o primeiro goberno presidido por Xerardo Estévez con Sánchez Bugallo como xefe de gabinete, empregando os propios medios municipais. Posteriormente, con Sánchez Bugallo no seu terceiro mandato como alcalde, no ano 2006 engadíuselle a locomotora, onde se instalou unha maqueta que visitaron dous anos despois centos de escolares nunha xornada presidida por Manuel Fraga e o propio Sánchez Bugallo.

Para o grupo municipal popular, resulta preocupante a visión estética do alcalde que condena unha locomotora e un vagón históricos e integrados no medio ferroviario, mentres defende e mantén -destinando a iso centos de miles de euros- unha estrutura extravagante e allea a súa contorna como é o adefesio da Casa da Xuventude.

En lugar do rexeitamento expresado polo alcalde, entendemos que o que procedería sería que o Goberno local se preocupara da conservación e mantemento desta infraestrutura, como fixo no pasado, buscando a colaboración do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) ou da Fundación de los Ferrocarriles Españoles coa Asociación Compostelá de Amigos do Ferrocarril que ten alí a súa sede, para a súa posta en valor.

Estas instalacións, que presentan en xeral un bo estado interior, precisarían unicamente dun pequeno investimento para a súa rehabilitación e pintado que lle permitiran sacar partido tamén ao seu interior, posto que albergan unha sala de reunións, biblioteca, oficinas, unha singular maqueta ferroviaria e unha cabina que conserva o cadro de mandos dunha vella locomotora. Un espazo que -xunto coa nova estación intermodal- podería empregarse para distintas actividades escolares, culturais e mesmo turísticas.

Unha acción de posta en valor semellante á que aquí se propón foi levada a cabo nos últimos anos polo Concello de Vedra ao rehabilitar un vagón de 1982 para convertelo nun *coworking*, un lugar compartido para o traballo que foi recoñecido recentemente polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Conforme ao exposto, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago acorda:

1.- Manifestar o seu apoio á permanencia da antiga locomotora ALCO 1808 e o vagón coñecido popularmente como “Verderón” no frontal da explanada ferroviaria de acceso á estación intermodal, onde se atopa actualmente.

2.- Instar ao correspondente órgano municipal para que, o máis rápido posible, se dirixa ao ente estatal Administrador das Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), á Fundación de los Ferrocarriles Españoles e á Asociación Compostelá de Amigos do Ferrocarril para expresarlles este apoio e procurar liñas de colaboración mutua para lograr a rehabilitación, conservación e mantemento destes elementos ferroviarios.

3.- Organizar unha visita da Corporación á sede da Asociación radicada no histórico convoi ferroviario para coñecer de primeira man a súa situación, tanto no seu interior como no seu exterior.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 4 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1.- Manifestar o seu apoio á permanencia da antiga locomotora ALCO 1808 e o vagón coñecido popularmente como “Verderón” no frontal da explanada ferroviaria de acceso á estación intermodal, onde se atopa actualmente.

2.- Instar ao correspondente órgano municipal para que, o máis rápido posible, se dirixa ao ente estatal Administrador das Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), á Fundación de los Ferrocarriles Españoles e á Asociación Compostelá de Amigos do Ferrocarril para expresarlles este apoio e procurar liñas de colaboración mutua para lograr a rehabilitación, conservación e mantemento destes elementos ferroviarios.

3.- Organizar unha visita da Corporación á sede da Asociación radicada no histórico convoi ferroviario para coñecer de primeira man a súa situación, tanto no seu interior como no seu exterior.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA UNHA NOVA REGULACIÓN DOS AVAIS BANCARIOS CANDO NAS PARCELAS NON EXISTAN SERVIZOS BÁSICOS PARA EVITAR DESPROPORCIONALIDADE E DISCRIMINACIÓNS.

Reincorpórase á sesión o concelleiro D. Evaristo Ben.

Foi presentada con data 21 de xuño do corrente ano, a proposición que a seguir se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para realizar as modificacións regulamentarias e legais oportunas co obxectivo de evitar desproporcionalidade e discriminación nos avais bancarios esixidos para obter licenzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiago, aprobado na sesión plenaria do 30 de outubro do 2008, establece, no seu artigo 13, o seguinte: “o prazo para solicitar a licenza de edificación das construcións previstas no Plan Xeral se fixa en dous anos contados a partir da conversión do terreo en soares. Poderanse conceder prórrogas cunha duración máxima conxunta dun ano, por petición dos/as interesados/as, por causas xustificadas e de forma motivada”.

Evidentemente, as parcelas teñen que dotarse de servizos básicos para convertelas en soares.

Pola súa banda, a Ordenanza reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas,

aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 27 de marzo do 2015 (BOP do 16 de xuño de 2015), regula as licenzas condicionadas a completar as actuacións de urbanización no seu artigo 49. Este artigo sinala, no seu apartado 3, o seguinte:

“Con carácter previo ao outorgamento da licenza deberá constituírse unha garantía por importe do 100% do custo das obras de urbanización pendentes (orçamento de contrata) ou do custo previsíbel de reposición das existentes que puidesen resultar afectadas con motivo da obra ou actividade. Esta garantía devolverase unha vez concedida a licenza de primeira ocupación ou de primeira utilización sempre que estean cumpridas, total e satisfactoriamente, as obrigas garantidas. No caso de obras das que non é necesaria licenza de primeira ocupación, a garantía devolverase tras a comunicación por parte da ou do interesado do seu remate coa presentación dun certificado final de obra, sempre que estean cumpridas, total e satisfactoriamente, as obrigas garantidas.”

Isto implica que no suposto en que a licenza se conceda para unha obra nova, é dicir, a obra que supoña a construción dunha nova edificación, como puidese ser o caso dunha vivenda, nun terreo no que non completasen as actuacións de urbanización (asfaltado da vía pública, canalizacións de auga e saneamentos, entre outras), requirirá a constitución dun aval que abranca a totalidade do custo destas actuacións de urbanización. Este aval soamente se devolverá no momento en que as actuacións de urbanización completasen, de xeito total e satisfactorio.

É preciso sinalar que o artigo 49 da ordenanza non establece diferenciación ningunha en razón do tipo de solo en que vaia realizarse a obra.

Este artigo 49 da ordenanza atopa a súa habilitación legal no artigo 28 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galiza.

O artigo 28 do Regulamento da Lei do Solo de Galiza exige o aval nos supostos de edificación e parcelación en solo urbano non consolidado e urbanizábel, polo que o artigo 49 da ordenanza, ao non discriminar o tipo de solo en que se exige aval para a concesión de licenza, nin o tipo de promotor que a solicita, pode chegar a establecer unha obriga desproporcionada e contraria ás disposicións legais vixentes.

Estas obrigas poden ser desproporcionadas cando este aval do 100% dos custos da urbanización debe manterse indefinidamente até que se realicen as obras de urbanización necesarias, obras que o Concello está obrigado a realizar por seren da súa competencia, consonte aos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 4 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Igualmente, debe considerarse o feito de que a ordenanza cargue sobre os promotores as obras de urbanización requiridas para a conexión dos servizos básicos, co alto custo que supoñen, sen realizar distinción ningunha a respecto do promotor individual, que pretende unha edificación para a súa propia vivenda, ou unha empresa que constrúe 10 edificios de vez a vistas de vendelos ou especular con eles.

Debe concluírse que é recomendábel unha modificación do PXOM e das ordenanzas urbanísticas do Concello de Santiago, a fin de acomodar estes textos normativos ás novidades legais que supuxo a aprobación da Lei 2/2016, do Solo de Galiza e o seu regulamento de desenvolvemento, Decreto 143/2016, nomeadamente no referente ao artigo 49 da ordenanza mencionada, discriminando o solo urbano non consolidado e

urbanizábel do solo de núcleo rural.

Esta cuestión adquire unha importancia capital desde un punto de vista demográfico, toda vez que afecta ás posibilidades de que as persoas poidan asentarse nos núcleos rurais, detendo a sangría demográfica e rural de Galiza e, nomeadamente, de Santiago.

Igualmente, a propia ordenanza podería establecer un período temporal de vixencia dos avais unha vez concedida a licenza de primeira ocupación e o uso da edificación, considerando as dilacións que poden existir, e ordinariamente existen, desde a utilización do edificio construído até a realización das actuacións de urbanización; isto é, até que se realicen as conexións cos servizos básicos.

Finalmente, tamén debería considerarse a opción de discriminar a exigencia dos avais en razón do promotor da construción, toda vez que o gravame para o/a pequeno/a propietario/a que pretende construír a súa propia vivenda é proporcionalmente moi superior ao que padece un gran promotor inmobiliario, cuxa actividade principal é a venda das vivendas.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago, mediante os correspondentes órganos de goberno, realizará as modificacións regulamentarias e legais oportunas para evitar desproporcionalidade e discriminación nos avais bancarios esixidos para obter licenzas.”

Foi presentada emenda “in voce” polo grupo municipal do PP, para substituír a palabra “realizará”, por “promoverá”, e tras ser aceptada o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello, mediante os correspondentes órganos de goberno, promoverá as modificacións regulamentarias e legais oportunas para evitar desproporcionalidade e discriminación nos avais bancarios esixidos para obter licenzas.

13. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA ATENDER A DEMANDA VECIÑAL SOBRE A APERTURA DO DEBATE A RESPECTO DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA.

Con data 21 de xuño presentouse a proposición do epígrafe, que ten o contido que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno.

A proposta de acordo busca que se atenda a demanda do tecido veciñal de Santiago para a apertura dun proceso de debate e reflexión a prol da mellora da xestión integral da auga

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 3 de xuño todos os grupos municipais con representación na corporación do Concello de Santiago recibimos un manifesto asinado pola seguintes asociacións veciñais: FERUSA (Federación de asociacións veciñais do rural de Santiago), AVV A Xuntanza, AVV Santa Marta-Choupana, AVV Casco Histórico, AVV Raigame, AVV de Coira, AVV Camiño de Santiago de Bando, AVV Alvaro Cunqueiro, AVV Fonseca, AVV Rego das Pedras de Marantes, AVV do Castiñeiriño, AVV As Marías, AVV Plataforma de Galeras, AVV Casa Agraria, AVV Monte do Gozo de San Lázaro e Amio, AVV Espazo Veciñal de Sar, AVV de Enfesta, AVV Conxo Aberto e AVV Monte de Deus de Vite. O texto recibido foi o seguinte:

MANIFESTO PARA A REFLEXIÓN A PROL DA MELLORA DA XESTIÓN INTEGRAL DA AUGA E A GARANTÍA DE ACCESO NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As Asociacións Veciñais de Santiago de Compostela abaixo asinantes manifestan:

- 1. Que a auga é un recurso esencial para a vida humana e o planeta.*
 - 2. Que o acceso á auga e ao saneamento foi declarado pola ONU no ano 2010 como un dereito humano e polo tanto os poderes públicos deben garantir a universalidade e accesibilidade a este recurso para toda persoa con independencia da súa situación económica e do lugar onde viva, evitando a falla de subministro por motivos económicos ou sociais.*
 - 3. Como servizo esencial debería quedar á marxe de calquera operación de especulación. Debe responder a parámetros de sustentabilidade ambiental e debe ser prestado de forma eficaz, garantindo, ao mesmo tempo, que os beneficios da actividade retornen á sociedade, para mellorar o servizo e mellorar a calidade da auga que se devolve ao medio ambiente.*
 - 4. Que a auga é tamén un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social e fonte de enerxía para as actividades humanas.*
 - 5. Que a xestión da auga no noso municipio leva en mans privadas desde 1971, estando o actual contrato vixente desde 1985 con sucesivas prórrogas. A xestión e a súa falta de control por parte do Concello de Santiago foi cuestionada nun informe do Consello de Contas de Galicia xa no ano 2003. En dito informe cuestionábanse, fundamentalmente, as sucesivas prórrogas outorgadas a empresa concesionaria. Por todo elo, solicitamos unha auditoría externa imparcial sobre a xestión da auga en Santiago de Compostela.*
 - 6. Que despois de todo este tempo, o déficit de infraestruturas de abastecemento e saneamento é moi elevado así como a ausencia de adaptación á normativa europea. É de destacar a falta de servizos no rural e a necesidade de mellora das poucas que existen. Urxe avaliar e facerlle fronte a necesidade de renovación da rede de subministro e saneamento en moitos barrios e parroquias cun duplo obxectivo; que chegue a todos os núcleos poboacionais do concello, xa todos temos os mesmos dereitos, e que tamén permita unha mellora na calidade da auga e unha redución do impacto ambiental.*
 - 7. Que o tecido asociativo veciñal de Santiago como elemento vivo e con capacidade de pulsar o sentir e necesidades de Compostela, quere contribuír á reflexión e a busca de solucións para aqueles retos que debemos afrontar colectivamente.*
- En base a todo o anterior, consideramos urxente unha reflexión pública e transparente coa cidadanía sobre o modelo de xestión, discusión que, por outra parte, estase a facer en moitos outros lugares.*

Entendemos que debemos debatir abertamente sobre a conveniencia ou non de que a xestión do servizo integral da auga en Santiago de Compostela continúe en mans

privadas ou se deberíamos camiñar cara a un modelo de xestión pública da auga, antes de hipotecar por outros 25 anos máis, e ata 400 millóns de euros, ao Concello e a súa veciñanza.

Por todo o anterior solicitamos ao goberno municipal, e a todas as forzas políticas con representación no Concello de Santiago, que se articule e abra este debate para que se poida escoitar a voz dos composteláns.

Posteriormente, os grupos municipais do Concello de Santiago foron convocados a unha reunión á que asisitiron representantes dos grupos da oposición, que manifestaron o seu apoio ao manifesto, sen que asistira ninguén do grupo de goberno. Nesa reunión acordouse solicitar ao goberno municipal que se abra este debate á cidadanía, e que encargue dúas auditorias antes de tomar unha decisión: unha auditoria imparcial sobre a xestión da auga nos últimos anos e sobre as infraestructuras inexistentes, existentes e deficitarias; e outra auditoría sobre a posibilidade da xestión pública da auga no noso municipio.

O tema non é novo no debate plenario deste mandato. A Corporación xa tén tratado en anteriores sesións varias iniciativas que colocaban o foco na necesidade de que se abra o debate e que se escoite a voz da cidadanía, tal e como solicita agora o tecido veciñal. Aínda así, o goberno local incluíu unha concesión municipal no seu plan de contratación de 2020, para un contrato do “Servizo de abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais do termo municipal de Santiago de Compostela (Ciclo integral da auga)” por valor de 452,5 millóns de euros e cunha duración de 20 anos prorrogables por outros 5 anos.

A pesar das intencións do goberno local, finalmente, e despois de ter sido aprobada varias veces no Pleno, o goberno convocou unha única sesión da “Comisión asesora relativa á xestión e contratación dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento” o 13 de xaneiro, que case 6 meses despois non se volveu reunir.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao goberno local a escoitar a voz do tecido veciñal e, polo tanto, a abrir o debate sobre a xestión do ciclo integral da auga para que se poida escoitar a voz das e dos composteláns
2. Instar ao goberno local a volver a convocar a “Comisión asesora relativa á xestión e contratación dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento” para que poida concluír o seus traballos e emitir unha resolución.
3. Instar ao goberno local a que encargue unha auditoria imparcial sobre a xestión da auga nos últimos anos e sobre as infraestructuras inexistentes, existentes e deficitarias; e unha auditoría sobre a posibilidade da xestión pública da auga no noso municipio.”

A presente proposición presentou emenda o grupo municipal do BNG que non foi aceptada por CA.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do BNG e do PP (5 CA, 2 BNG e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as

do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao goberno local a escoitar a voz do tecido veciñal e, polo tanto, a abrir o debate sobre a xestión do ciclo integral da auga para que se poida escoitar a voz das e dos composteláns
2. Instar ao goberno local a volver a convocar a "Comisión asesora relativa á xestión e contratación dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento" para que poida concluir o seus traballos e emitir unha resolución.
3. Instar ao goberno local a que encargue unha auditoria imparcial sobre a xestión da auga nos últimos anos e sobre as infraestruturas inexistentes, existentes e deficitarias; e unha auditoría sobre a posibilidade da xestión pública da auga no noso municipio.

14. DAR CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN DE CONTROL FINANCEIRO EXERCICIO 2021.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do Plan anual de control financeiro do corrente exercicio, elaborado pola Intervención xeral municipal.

15. DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL DE CA NA COMISIÓN ESPECIAL DE PELETEIRO.

Dáse conta da designación dos membros do grupo municipal de Compostela Aberta na Comisión Especial de Peleteiro:

Titulares: Dona Marta Irene Lois González e Don Jorge Duarte Vázquez.

Suplentes: todos os demais membros do grupo.

16. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas comprendidas no período entre o día 21 de maio ata o 17 de xuño de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta, das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión extraordinaria urxente 04/05/21.
Sesión extraordinaria urxente 07/05/21.
Sesión ordinaria 10/05/21.
Sesión extraordinaria urxente 11/05/21.
Sesión ordinaria 18/05/21.
Sesión ordinaria 24/05/21.
Sesión extraordinaria urxente 24/05/21.
Sesión extraordinaria urxente 26/05/21.
Sesión extraordinaria urxente 27/05/21.
Sesión ordinaria 31/05/21.
Sesión extraordinaria urxente 01/06/21.
Sesión extraordinaria urxente 04/06/21.
Sesión ordinaria 07/06/21.
Sesión ordinaria 14/06/21.

17. SOLICITUDE PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E FESTAS.

Con data 24 de xuño do corrente ano, o grupo municipal do Partido Popular presenta solicitude de comparecencia do concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadá e festas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda a devandita comparecencia para a vindeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

18. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a implementación do plan de contratación anunciado en xuño de 2020.

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal do PP para instalación paso peonil na rúa do Hórreo.
- 2.- Presentado polo grupo municipal do PP para inclusión árbores de folla caduca na rúa do Hórreo.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do PP para arranxo do firme na rúa da Cañeira-San Lázaro.
- 4.- Presentado polo grupo municipal de CA para acondicionamento do camiño que vai da rúa dos Caraveis ao Monte do Campo en Vidán.
- 5.- Presentado polo grupo municipal de CA para establecemento puntos de información contra a violencia de xénero.
- 6.- Presentado polo grupo municipal do BNG para mellorar a mobilidade e reducir a sinistrabilidade na contorna da nova estación de autobuses.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do BNG para retirar a simboloxía franquista.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do BNG para atender as peticións de labores de prevención de incendios.
- 9.- Presentado polo grupo municipal de CA para colaborar na restauración e conservación da antiga locomotora e vagón.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre inscrición no rexistro de asociacións da agrupación estudiantil CF da Estrada.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a eficacia do servizo de roza e limpeza de vías.
- 3.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a circulación de camiós de gran tonelaxe polo viario de acceso ao vertedoiro de Miramontes.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a tramitación da licitación do servizo de abastecemento e saneamento.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre os muros da cidade que presentan risco de desprendemento.

- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a documentación dos expedientes de venda ambulante.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o cobro do recibo de recollida de residuos.
- 8.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o peche do rexistro auxiliar do Ensanche.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a liña 6 ao aeroporto de Lavacolla.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a aparición de restos humanos en Salgueiriños.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre mesa convocada pola asociación Raigame en relación ao futuro da parcela do colexio Peleteiro.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o funcionamento da liña 6 do transporte urbano.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre muro na Avda. de Coimbra.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre enlousado de Xoán XXIII.

19. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

Con respecto á moción de urxencia para condenar o indulto outorgado aos líderes independentistas cataláns, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, presentou autoemenda o portavoz do grupo, para que substitúa á anterior presentada e que figuraba na orde do día no punto núm. 4 da relación de mocións.

Así mesmo, tamén se presenta para ser tratada na presente sesión, unha moción de urxencia de condena ao ataque á exposición na Alameda sobre as mortes de persoas refuxiadas e migrantes, e en defensa deses mesmos colectivos.

As mocións presentadas e tratadas na presente sesión son as que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA REGULARIZAR A SITUACIÓN DOS ANTIGOS EMPREGADOS DO BUS AO AEROPORTO E IMPULSAR UNHA LIÑA DE AEROBÚS QUE CONECTE A INTERMODAL E O ROSALÍA DE CASTRO DE XEITO DIRECTO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En xuño de 2019 o actual goberno municipal tiña á súa disposición un novo deseño da rede de transporte urbano, incluído nos pregos para o novo concurso e concesión do servizo. Un deseño que fora contrastado no marco do Pacto Local pola Mobilidade e que xurdira de analizar por vez primeira cales eran os principais puntos xeradores e atractores de viaxeiros, despois de anos realizando modificacións das rutas para satisfacer necesidades puntuais sen avaliar estratexicamente o conxunto do servizo. Na planificación realizada tíñase en conta tamén a existencia dun acordo coa Xunta para realizar unha transición progresiva para que o Concello asumise todas as liñas de

transporte dependentes da administración autonómica que tiveran orixe e destino dentro do termo municipal de Santiago de Compostela. Prevíase que esa transición se completaría a finais de 2020, tal e como efectivamente aconteceu no pasado mes de decembro.

Pasados vinte meses do actual mandato municipal, e a pesar de ter os traballos do novo prego moi avanzados xa en xuño de 2019, o Concello de Santiago chegou a finais do 2020 sen ter a nova licitación dos autobuses urbanos nin sequera iniciada.

No mes de setembro, a Xunta de Galicia confirmoulle ao Concello de Santiago que a partir do 23 de decembro as liñas prestadas por outros operadores, coma a ruta ao aeroporto, pasarían a ser de competencia municipal. Desde setembro e ata o 23 de decembro, o goberno local tivo tempo para estudar distintas opcións: negociar a continuidade do servizo, igual que fixo coas outras catro operadoras; ditar unha orde de continuidade á empresa Freire, ou negociar coa operadora actual do transporte público as condicións para asumir o servizo incorporando aos traballadores que o viñan prestando coa anterior concesionaria.

A non licitación aínda do novo contrato de autobuses impediu a subrogación dos traballadores por parte de Tralusa, e a decisión tomada polo Concello de Santiago de que fora Tralusa quen prestara o servizo, sen ningún acordo previo para manter estes postos de traballo, provocou que o día 23 de decembro o persoal quedara nunha especie de limbo laboral, posto que a concesionaria anterior, Freire, non os despediu, dándolles a entender que ían ser subrogados pola concesionaria do transporte público municipal, pero Tralusa non os contratou. Deste xeito, as e os traballadores deixaron de cobrar os seus salarios desde o 23 de decembro, mais tampouco puideron solicitar o subsidio de desemprego ao non terse efectivizado os seus despedimentos ata pasados varios meses.

Diante desta situación e da vulnerabilidade dos dereitos laborais así como da inacción do goberno local fronte a este abuso das empresas concesionarias, o Pleno da Corporación aprobou, na súa sesión ordinaria de xaneiro, unha proposición que recollía os seguintes acordos:

1. Incorporar na próxima licitación do transporte urbano de Santiago a obrigatoriedade de subrogación de todo o persoal básico da liña de autobús ao aeroporto, actualmente servizo incorporado á liña 6.
2. Mediar coas empresas -Tralusa e Freire- para que se aprobe un Laudo arbitral no Consello galego de Relacións Laborais para que a anterior subrogación sexa de obrigado cumprimento.
3. Mediar coas empresas para que se solucione a situación actual do persoal básico, 8 condutores, que desde o 23 de decembro están nun limbo laboral e á espera de futuras solucións.

Desde ese momento, só temos constancia de que as e os traballadores conseguiron cobrar o subsidio de desemprego con demora de varios meses e que o goberno local facilitou unha reunión entre a empresa Monbus e os grupos da oposición municipal para que o empresario informara directamente do seu punto de vista. Nesa reunión foron anunciadas unha serie de medidas para regularizar a situación das e dos traballadores, das que non consta aínda a súa aplicación práctica.

Ademais, o 23 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou que fose a actual concesionaria, a UTE Trapsa-Aulusa, a que realizase a prestación do servizo da liña de bus lanzadeira ao aeroporto, integrándoo no percorrido da liña 6 (San Marcos-Os Tilos) e provocando o conseguinte colapso desta liña e o malestar das persoas usuarias, residentes ou non residentes en Compostela.

Nas últimas semanas, co incremento dos voos ao aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro a presión sobre esta liña 6 tén aumentado, de tal xeito que está sendo motivo de críticas constantes e queixas todos os días. Unha solución de urxencia e improvisada en decembro -máis de ano e medio despois de que este goberno chegara- que nin foi revisada, nin foi actualizada nos meses nos que a presión turística era menor.

Fronte a a esta situación, a cidadanía demanda que se poida recuperar o servizo de bus lanzadeira nun novo Aerobus que permita conectar directamente a cidade co aeroporto. Un novo servizo que, ademais, parece que ten un novo punto de saída 'natural' na nova terminal de autobuses recentemente inaugurada na estación Intermodal. Un servizo de conexión directa que existe na grande maioría de aeroportos europeos e do que actualmente Santiago carece, desde hai xa máis de 6 meses, en parte porque o goberno non fixo os seus deberes a tempo. E continúa sen facelos.

Por todo o anterior, e porque o goberno municipal ten que deixar a un lado a súa pasividade e tomar medidas proactivas para que o Concello garanta os postos de e traballo, así como solucionar os graves problemas que presenta a reformulación da liña 6 e a supresión do bus lanzadeira ao aeroporto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta considera presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao goberno local a que se cumpran os acordos aprobados na sesión ordinaria de xaneiro de 2021 e recollidos na PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA MANTER OS POSTOS DE TRABALLO DOS EMPREGADOS DA LIÑA DE AUTOBUSES AO AEROPORTO DE SANTIAGO - ROSALÍA DE CASTRO.

2. Instar ao goberno local, a través da empresa TUSSA, a impulsar un servizo de Aerobus que implemente un bus lanzadeira que conecte directamente a Intermodal e o Aeroporto de punto a punto, sen paradas urbanas e con tarifaria diferenciado.

3. Instar á empresa TUSSA a restablecer a normalidade e o correcto funcionamento da liña 6 do transporte público de Santiago, en beneficio da cidadanía residente e usuaria habitual da mesma.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A MEMORIA DEMOCRÁTICA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 27 de abril constituíuse a Comisión especial de Memoria Histórica do Concello de Santiago, e a pesar do anuncio de que sería convocada novamente en breve, pasados case tres meses aínda non existe constancia dunha nova

convocatoria, como tampouco temos constancia de que o goberno municipal teña interese en continuar coas políticas de memoria histórica iniciadas no anterior mandato.

Precisamente, hai 5 anos lembrabamos os 80 anos do golpe de Estado e como isto afectou á nosa cidade. O Concello de Santiago exercía a súa responsabilidade coa cidadanía e, froito da colaboración co departamento de Historia da Universidade de Santiago, desenvolvéronse dous importantes proxectos: unha grande exposición na Fundación Granell, e un Congreso Internacional que reuniu en Compostela a historiadores e historiadoras de todo o mundo.

Con estes actos centrais cos que Histagra, en colaboración co Concello, lembrou o 80 aniversario do inicio da Guerra Civil Española. *80 anos. Santiago 1936* foi unha mostra que quixo explicar como Santiago pasou de ser unha cidade en plenas festas do Apóstolo na que aínda se festexaba o Estatuto de Autonomía de Galicia, a converterse no escenario do medo e da persecución. E xusto coincidindo co 80 aniversario do Golpe de Estado, o 18 de xullo, iniciouse o Congreso Internacional *1936 ¿Un novo relato? 80 anos entre historia e memoria*, que se celebrou ao longo de tres días na Facultade de Xeografía e Historia, a Fundación Eugenio Granell e o Teatro Principal. Un congreso que foi máis alá das sesións clásicas de conferencias e mesas redondas ofrecendo tamén tres charlas abertas ao público no Teatro Principal. Nesta colaboración con Histagra, o Concello de Santiago, daba pasos firmes na construción da Memoria democrática do noso municipio.

Neste sentido cómpre distinguir entre a Historia e a memoria histórica, a primeira é unha disciplina do campo das ciencias sociais que pretende ser un relato rigoroso sobre o acontecido no pasado, unha disciplina que procura entender o que pasou e porqué pasou. Sen embargo a memoria funciona dun xeito substancialmente diferente, non se centra tanto en entender ese pasado como en tirar del referencias útiles para o presente. É por iso que a construción da Memoria Democrática debe ser unha responsabilidade da que a institución local non pode abdicar nin manter a actual pasividade, posto que a través desta memoria é onde podemos acceder ao coñecemento e referencialidade daqueles acontecementos do pasado que poidan funcionar como fonte de inspiración ou de lexitimación do noso presente democrático.

É desde esta perspectiva, e por saúde e hixiene democrática, que é tan necesario dar a coñecer todos os espazos esquecidos que teñen relación tanto coas prácticas de violencia, persecución e represión política asociadas ao golpe do 36 como coas políticas represivas da ditadura franquista. Ao tempo que tamén se recuperan do anonimato a resistencia democrática tanto ao primeiro golpe como á posterior ditadura.

No anterior mandato municipal, foron moitas as actuacións realizadas neste camiño, desde a xa mencionada lembranza do golpe do 36, ata as constantes homenaxes e lembranzas Ás Mariás -coa instalación dunha placa que recoñecía o seu carácter de vítimas e represaliadas políticas- ata actos simbólicos como a colocación do retrato de Ánxel Casal presidindo o despacho da Alcaldía; as homenaxes a Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo; os bandos da Alcaldía polo 25 de xullo; as homenaxes e lembranza aos represaliados na Falcona; a homenaxe aos fusilados en Boisaca incluíndo o alcalde accidental, último republicano, José Germán Fernández; as publicacións sobre o Santiago republicano, sobre o Estatuto do 36; as demandas contra a familia Franco polo 'roubo' das estatuas do Mestre Mateo; a homenaxe a Lorca e os seus 6 poemas galegos; entre outras iniciativas.

Tamén foron moitas as propostas e actividades situadas en marcos diferentes ao republicano e franquista, como o centenario da Irmandade da Fala de Santiago e a lembranza a Porteiro Garea; a homenaxe ao primeiro alcalde do actual período democrático, Souto Paz; a festa do Banquete Democrático de Conxo e todas as actividades publicacións de recuperación da súa memoria; o mapa literario da cidade; a resignificación da Compostela Territorio das Mulleres; a placa -actualmente desaparecida- na Rúa da Moeda Vella a Sancha Pérez e María Leve, dúas mulleres que conviviron nesa zona como parella en pleno século XIII; a homenaxe a Giner de los Ríos ou ao Vello dos Contos; ou as publicacións amparadas sobre unha figura como Montero Ríos; a necesaria recuperación da memoria do traballo, moitas veces moi feminizado, como no caso das lavadeiras do Sarela; etc,...

Unha intensa actividade que podería ser aínda moito máis detallada, que ademais coincide co espírito do anteproxecto de Lei de Memoria Democrática, actualmente a debate nas Cortes do Estado. Unha Lei que procura dar un marco legal máis avanzado ás políticas públicas de memoria procurando a participación e a reflexión colectiva, así como a reparación das vítimas. Unha nova Lei que procura ademais que as institucións públicas interveñan sobre os lugares da memoria con propostas e contidos e non só con declaracións ou simbolismos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Que se convoque, á maior brevidade posible, a Comisión de Memoria Histórica do Concello de Santiago e que se incorporen á mesma propostas de persoas, institucións e colectivos referentes en Compostela, no ámbito da Historia e a Memoria.
2. Que a mencionada Comisión elabore un plano de actuación de Memoria Democrática concordando co espírito da nova Lei, fundamentalmente no relacionado á participación social e á reparación das vítimas.
3. Que neste plano de actuación de Memoria democrática se recollan accións de investigación, sinalización e propostas de intervención sobre os lugares da memoria e da resistencia democrática que teñen caído no esquecemento para a súa resignificación.
4. Que en todos os puntos anteriores, de xeito transversal, exista un especial tratamento ao papel activo das mulleres en Compostela como protagonistas da loita pola democracia e polos valores da liberdade, igualdade e solidariedade.
5. Instar ás administracións galega, estatal e provincial a colaborar co Concello de Santiago no impulso destas políticas de Memoria Democrática.

MOCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DO ACCESO PEONIL AO MONTE DO GOZO DESDE O ESTADIO DE SAN LÁZARO, A TRAVÉS DA RÚA DAS ESTRELAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos accesos máis funcionais para o desprazamento peonil ata o Monte do Gozo, en especial ao seu auditorio, é o que parte das inmediacións do estadio de San Lázaro, coincidindo co trazado do Camiño de San Martiño de Aríns e a rúa das Estrelas. De feito, foi un dos itinerarios recomendados con maior preferencia na celebración do festival do Son do Camiño, que congregou a miles de persoas durante os anos 2018 e 2019, aínda que durante eses días se procedía a cortar a rúa para permitir o uso da calzada por parte dos peóns.

A importancia deste itinerario vén marcada, sobre todo, pola súa facilidade para desprazarse entre a zona de aparcadoiro do estadio, con capacidade para centos de vehículos, e a zona de celebración de eventos multitudinarios. Unha facilidade que non é completa, posto que nos aproximadamente 1,5 km de lonxitude desta ruta, as dúas terceiras partes non dispoñen de beirarrúas nin beiravías en condicións para transitar coa seguridade e comodidade necesarias, a pesar de contar con elementos de urbanización, como os bordes da calzada e conducións de pluviais, que farían sinxela unha adecuación para mellorar a súa funcionalidade. Sen dúbida esa circunstancia foi un dos motivos principais para o ocasional peche da rúa ao tránsito de vehículos, para destinala a uso peonil, como se comentou anteriormente.

Afrontar unha actuación neste tramo non só beneficiaría aos asistentes ocasionais aos actos que se celebren no auditorio do Monte Gozo, senón que sobre todo estendería os seus beneficios ás vivendas unifamiliares que se asentán na contorna da Agra dos Campos e a un crecente número de cidadáns que empregan a ruta para o lecer e o deporte, dándolle continuidade ao novo itinerario peonil da rúa de San Martiño que conecta con Aríns.

Precisamente, unha actuación semellante á realizada nesa nova senda da rúa San Martiño é a que se podería acometer neste acceso ao Monte do Gozo, que discorre entre o paso inferior da AP-9 e a entrada ao Auditorio, nunha lonxitude de algo máis de un quilómetro que hoxe presenta un firme moi irregular e cheo de vexetación que en varios tramos apenas permite transitar por un estreito carreiro, tal e como se pode apreciar nas imaxes que se acompañan.

A proposta sería mellorar e ampliar no posible o pavimento da marxe esquerda da rúa en dirección ao Monte do Gozo (na que resultaría máis sinxelo actuar ao contar xa con bordes, canalizacións e unha base de zahorra, aínda que moi irregular). O acabado podería ser, como apuntamos, semellante á que se executou na nova senda peonil da rúa San Martiño, con capa superior de xabre granítico sobre base de zahorra artificial compactada con proctor modificado. Segundo as estimacións, calculadas tendo en conta o citado proxecto xa executado da rúa San Martiño, o orzamento aproximado para esta actuación situaríase arredor dos 35.000 euros. Unha cantidade que consideramos perfectamente asumible para as posibilidades orzamentarias municipais, cabendo a posibilidade mesmo de solicitar a colaboración da Xunta de Galicia.

A maiores, para completar a funcionalidade desta mellora, o Concello debería instalar canto antes a iluminación pública en todo este tramo, que actualmente carece del, para facilitar o tránsito e aumentar a seguridade. O proxecto para executar esta instalación eléctrica xa foi aprobado pola Xunta de Goberno Local hai dez meses, concretamente o 31 de agosto de 2020.

Por último, propónse iniciar a redacción dun proxecto para dotar de beirarrúa á rúa de San Martiño, no tramo que discorre entre a rúa das Estrelas e a Avenida de San

Marcos, unha actuación máis complexa que a que se propón para a rúa das Estrelas, ao non dispoñer sequera de beiravías. Deste xeito, tamén se lle daría continuidade á nova senda de San Martiño, coa mellora do acceso as vivendas e mesmo ao complexo hostaleiro situado nesa zona.

Conforme ás consideracións expostas, o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que, consonte coas dispoñibilidades orzamentarias, proceda a mellorar o acceso peonil que discorre entre as proximidades do estadio de San Lázaro e a entrada do auditorio do Monte do Gozo, a través da rúa das Estrelas, cunha actuación que lle permita dar seguimento á nova senda peonil executada na rúa de San Martiño; que leve a cabo a instalación da iluminación pública neste tramo, cuxo proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en agosto de 2020; e que inicie a redacción do proxecto para a dotación de beirarrúas na rúa de San Martiño, entre a rúa das Estrelas e a Avenida de San Marcos.

MOCIÓN URXENTE PARA PARA CONDENAR O INDULTO OUTORGADO AOS LÍDERES INDEPENDENTISTAS CATALÁNS CONDENADOS POR SEDICIÓN E ESIXIR A DIMISIÓN DO PRESIDENTE DO GOBERNO POR FALTAR AO SEU XURAMENTO CONSTITUCIONAL

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN DE URXENCIA que, no caso de ser aprobada a procedencia da súa inclusión, supoñerá a retirada da moción presentada con anterioridade por este mesmo motivo (nº rexistro 2021028676, do 21 de xuño):

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2017, diversos partidos e membros do Goberno de Cataluña organizaron un referendo ilegal co obxectivo de separar esta comunidade autónoma do resto de España e crebar a indisoluble unidade do noso país que recoñece a nosa Carta Magna.

Ademais, proclamaron de forma ilegal a independencia e a constitución dunha ilegal república catalá.

Por iso, dous anos despois os impulsores destes actos (Oriol Junqueras, Carme Forcadell, etc.) foron condenados polo Tribunal Supremo a penas que oscilaban entre os 9 e os 13 anos de prisión así como a penas de inhabilitación.

O alto tribunal considerou probado que os devanditos condenados cometeran delitos de sedición e/ou malversación.

No momento de coñecerse a sentenza, o presidente Sánchez "garantía tanto á cidadanía catalá como ao conxunto da cidadanía española que esa sentenza se ía cumprir na súa totalidade" posto que "ninguén está por riba da lei" mentres que outros membros do seu goberno defendían que as penas impostas debían cumprirse íntegramente.

Pero tanto Sánchez como o seu Goberno seguían a necesitar os votos dos partidos independentistas cataláns para manterse no poder; unha necesidade que se fixo máis acuciante logo das eleccións xerais celebradas en novembro de 2019 nas que o PSOE perdeu case 800.000 votos e 3 escaños respecto das celebradas no mes de abril do mesmo ano.

Esa necesidade foi o detonante de que o Goberno propuxese realizar unha modificación do delito de sedición, incluída dentro dunha reforma máis ampla do Código Penal, que supoñería unha rebaixa das penas aos condenados polo 1-OU.

Unha reforma que como explicou en setembro de 2020 o actual ministro de Política Territorial e Función Pública, Miquel Iceta, era necesario abordar porque "é importante que o Goberno demostre que quere ir resolvendo temas concretos" (dito en referencia á situación dos presos polo 1-OU).

E agora, en 2021, o presidente Sánchez e o seu Goberno concedéronlle o indulto a uns condenados que non só non mostraron o máis mínimo arrepentimento senón que deixaron claro (tanto no xuízo, ao exercer o seu dereito á última palabra, como en declaracións posteriores) que teñen intención de reincidir nos delitos cometidos e que os seus obxectivos seguen sendo os mesmos que en 2017 (amnistía, referendo de autodeterminación, etc.) e igual de ilegais que entón.

Ademais, tanto a Fiscalía como o Tribunal Supremo opóñense ao indulto.

O alto tribunal, nun demoledor e clarísimo informe aprobado por unanimidade dos seus membros, explica que o que pretenden, o presidente Sánchez e o seu goberno con esta medida, é retorcer a natureza do indulto e cuestionar "os orzamentos que fan lexítimo o exercicio da función xurisdiccional".

É dicir, o Goberno está poñendo en dúbida, do mesmo xeito que o fan os líderes independentistas, o funcionamento da xustiza española, co que iso significa de ataque a unha institución que constitúe o alicerce fundamental da nosa democracia.

Para rematar, cómpre destacar que o Tribunal Supremo deixa en evidencia a verdadeira intención do Goberno ao conceder o indulto mediante decisión do Consello de Ministros do pasado 22 de xuño, que non é outra que a súa mera supervivencia política, ao recordar que "algúns dos que aspiran ao beneficio do dereito de graza son precisamente líderes políticos dos partidos que, neste momento, garanten a estabilidade do Goberno chamado ao exercicio do dereito de graza".

Por todo o exposto e ante a fundada sospeita de que non nos atopamos ante un indulto senón ante un pago político, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello Concello de Santiago de Compostela:

PRIMEIRO.- Expresa o seu respaldo incondicional e absoluto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico español como garantes da integridad e unidade da nación, do estado de dereito e a democracia no noso país.

SEGUNDO.- Manifesta o seu apoio sen fisuras ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza españois, con especial mención ao Tribunal Supremo, de xeito independente, responsable e sometidos únicamente ao imperio da lei, como establece o artigo 117 da Constitución Española.

TERCEIRO.- Condena a decisión do Goberno de España de conceder o indulto a aqueles que vulneraron -como declarou probado o Tribunal Supremo- non só a nosa Carta Magna senón tamén outras leis españolas e que, como repetiron en numerosas ocasións, pretenden reincidir no delito de sedición cometido.

CUARTO.- Esixe a dimisión do presidente do Goberno e a inmediata convocatoria de eleccións por ter incumplido o sr. Sánchez o seu xuramento constitucional e ter enganado ao pobo español que, como único depositario da soberanía nacional -tal e como o proclama a Constitución no seu artigo 1.2- e fonte da que emanan todos os poderes do Estado, debe e ten que opinar sobre esta decisión.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno, ao ministro de Xustiza e aos portavoces dos grupos políticos do Congreso e do Senado.

MOCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN ACTIVA DO CONCELLO DE SANTIAGO NA ESTRATEXIA GALEGA DE ATENCIÓN Á SOIDADE NON DESEXADA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios meses, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, vén traballando nunha iniciativa que se considera pioneira a nivel estatal para tratar de minorar os efectos da soidade, sobre todo dos nosos maiores, e poñer en marcha actuacións específicas que melloren a súa calidade de vida.

Para deseñar a chamada “Estratexia galega de atención á soidade non desexada”, o Goberno galego está a apostar pola participación e o consenso social, na procura de acertar cunha planificación que se sustenta en cinco liñas estratéxicas: a prevención, fomentando as relacións sociais; a detección, a través da implicación de toda a sociedade a xeito de “radar social” contra a soidade”; a intervención, coa aplicación de actuacións para atallar as situacións de soidade non desexada; a visibilización, para dar a coñecer o problema; e a cooperación institucional entre administracións, entidades sociais e tecido comercial e empresarial.

A iniciativa adquire a súa verdadeira dimensión se temos en conta que segundo os datos estatísticos, en Galicia viven 126.000 persoas maiores de 65 anos que viven soas e a pesar dos avances dos últimos anos que nos están a transformar nunha sociedade hiperconectada a nivel mundial, o certo é que en moitas ocasións todos temos constatado as dificultades para coñecer a situación de precariedade e soidade de persoas que habitan na porta do lado e as fatídicas consecuencias que diso se derivan.

Precisamente en relación coa problemática das persoas maiores, o Concello de Santiago ten dado mostras da súa implicación e da súa vontade de contribuír a mellorar as condicións deste colectivo, tanto a través de iniciativas do Goberno como mediante iniciativas impulsadas pola oposición, aínda que algunhas desta últimas

sigan á espera dunha implementación efectiva.

Entre as medidas impulsadas no ámbito local en Santiago de Compostela, ademais dos tradicionais convenios de colaboración con distintas entidades implicadas na atención ás persoas maiores e das actividades propias ou en colaboración para o fomento dunha vida activa, contamos cun Consello Municipal de Persoas Maiores chamado a cumprir un importante papel como órgano consultivo e asesor e, recentemente, púxose en marcha un servizo municipal de urxencias sociais (SEMUS), dirixido a persoas en situación de vulnerabilidade, entre as que se poden atopar persoas maiores de 65 anos, en situación de soidade.

A este respecto, cómpre lembrar que a través do Pleno foron aprobadas tamén varias iniciativas: para realizar un censo de persoas maiores no que se especificaran as condicións e circunstancias para posibles intervencións sociais; para impulso de programas de acompañamento e posta en valor das persoas maiores (ambas promovidas por este grupo municipal); ou a relativa á educación para a saúde a desenvolver nos centros socioculturais dispersos polo territorio municipal.

Tendo en conta a experiencia e a traxectoria do noso Concello nos últimos anos nesta materia, o feito de que as estimacións cifren en 4.800 as persoas maiores que viven soas en Santiago (o que supón un 22% da poboación maior de 65 anos do censo municipal) e a vontade expresada polo Goberno galego de que colaboren e participen os concellos na definición da estratexia de atención ás persoas maiores que viven soas -para o que ten creado unha mesa de traballo dirixida a analizar as medidas que están en marcha a nivel local, explorar vías de colaboración entre administracións e o deseño coordinado de solucións para a súa implementación- o Grupo Popular presenta á consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que ofrezca a colaboración do Concello de Santiago, achegando as súas experiencias e propostas para o deseño da “Estratexia galega de atención á soidade non desexada” na que está a traballar a Xunta de Galicia, co obxectivo de contribuír a perfeccionar o documento que guiará as actuacións a desenvolver nos vindeiros anos para incrementar a integración e inclusión das persoas maiores no conxunto da sociedade galega.

MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A BAIXAR O PREZO DA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPOSTOS E CUSTOS REGULATORIOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España é o cuarto país da Unión Europea no que os seus residentes pagan máis por electricidade, ao contar cunha factura promedio anual de 1. 273 euros, representando o 8,5% do salario anual (15.015 euros).

A este dato hai que engadirlle outros dous especialmente relevantes. Primeiro, segundo datos de Eurostat, ao peche de 2019 o prezo do quilovatio/hora en España era o quinto máis alto da Unión Europea; e, segundo, entre maio de 2020 e maio de

2021 a factura da luz incrementouse nun 44%.

Ante estes datos, hai que recordar que en España menos dun 40% da factura da luz depende do prezo da electricidade e do mercado.

O resto débese aos custos regulatorios derivados da xestión política (por exemplo, subvencións ás renovables ou ao carbón ou o déficit de tarifa, entre outras) e aos impostos (por exemplo: o Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica, entre outros).

Se falamos de custos derivados da xestión política débese destacar que o ex-presidente español José Luís Rodríguez Zapatero recoñecía en 2019 que as súas dúas lexislaturas xeraran unha burbulla de 29.281 millóns de euros polo auxe das renovables.

E se falamos de impostos, o noso país sitúase entre os 10 primeiros países da Unión que maior IVE (21%) aplica a este produto.

Polo tanto, un das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos que gravan a electricidade, pero o Goberno de España optou por implantar unha tarifa con tres tramos horarios, restrinxindo a liberdade de elección das persoas consumidoras e obrigándoas a cambiar os seus hábitos de vida -algo que non toda a cidadanía poderá facelo- si queren ter algunha posibilidade de aforrar na súa factura da luz.

Porque aínda que o Goberno español afirme que estas novas tarifas permitirán que se produza unha baixada xeral da factura da luz, a realidade é moi diferente xa que con esta medida 11 millóns de españois van ver incrementada a súa factura.

Doutra banda, o Goberno de España para xustificar a súa negativa actuar e rebaixar o prezo da luz a millóns de fogares españois a través da rebaixa de impostos afirma que, grazas á súa acción política, o recibo da luz baixou nun 40% o ano pasado, cando esa rebaixa se debeu á caída da demanda pola pandemia e á baixada dos prezos do gas e do petróleo en 2020.

E vólvese a escudar en Europa para rexeitar a baixada do IVA aplicado á electricidade cando a realidade é que varios países europeos teñen tipos máis baixos que España na tarifas que afectan aos consumidores e que nin existe unha normativa europea que impida baixalo.

Polo exposto, e ante as recomendacións e medidas aprobadas no seo da FEMP, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno de España a tomar as seguintes medidas para impedir que o aumento espectacular do prezo da enerxía eléctrica lastre a economía persoal e familiar dos españois xa especialmente danada polos efectos da pandemia:

1. Rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando para iso o artigo 8 da Lei 15/2012, de medidas fiscais para a sostibilidade enerxética.

2. Modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, para, entre outros aspectos, que determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) como a débeda do sistema eléctrico, sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.
3. Simplificar o recibo da luz para facilitar a súa comprensión.
4. Poñer en marcha de inmediato unha campaña de información dirixida aos consumidores que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa da luz.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS MELLORAS NECESARIAS NAS OBRAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NO BARRIO DE CONXO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 15 de febreiro do ano 2017, o alcalde de Santiago, Martiño Noriega; a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez; o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro; asinaban o protocolo de colaboración para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago no termo municipal de Compostela. Con aquela sinatura e colaboración, Concello e Xunta recoñecían que o acondicionamento dos tramos composteláns das distintas rutas xacobeas era unha materia pendente, e que deberían ser moitas as actuacións executadas de cara o Ano Santo de 2021.

A colaboración e o consenso institucional promovido polo goberno de Compostela Aberta, conseguía que se destinara unha cifra inicial de 4,2 millóns de euros -que finalmente alcanzará os 10 millóns- á mellora dos tramos composteláns das distintas rutas xacobeas. Segundo o acordo inicial, a Xunta encargárase de redactar os proxectos e de executar as obras, mentres que o Concello colaboraría na tramitación administrativa, posta a disposición dos terreos e reposición de servizos. O obxectivo que se marcaban ambas administracións era que as obras estiveran executadas no ano 2020.

En concreto, as actuacións centraríanse no Camiño Francés, no tramo que vai dende a baixada do Monte do Gozo á capela de San Lázaro; e nas rúas das Fontiñas, Fonte de Concheiros e Concheiros, especialmente na reordenación do cruce coa avenida de Lugo. Tamén se contemplaban melloras no Camiño Inglés, no tramo que vai polo Polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca. A última actuación sería no Camiño Portugués, na chegada ao Mosteiro de Conxo e á rotonda sobre a SC-20.

Neste último caso, a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños en Santiago de Compostela no ámbito do Camiño Portugués, no barrio de Conxo, sufriu unha enorme demora na súa tramitación por parte da Xunta de Galicia. Desde a sinatura do protocolo de colaboración, en febreiro do 2017, non foi ata xullo do 2018 - un ano e medio despois- que o goberno galego someteu ao trámite de información pública o documento básico do proxecto. Rematado o prazo de alegacións un mes

despois, en agosto do 2018, aínda tiveron que pasar outros sete meses máis, ata marzo do 2019, para que a Xunta publicara o documento final do proxecto.

O deseño e principais actuacións deste proxecto procuraban unha ordenación e humanización das seccións viarias; a definición de elementos como pavimentos, mobiliario urbano, etc; a reordenación das zonas de estacionamento e a reordenación e humanización da fronte da Igrexa de Nosa Señora da Mercé de Conxo.

Pasadas as eleccións municipais, a Xunta adxudicou as obras en agosto do 2019, por un valor de 1,6 millóns de euros e cun prazo de execución de nove meses, de xeito que se prevía o seu remate para xuño do 2020. Deses 9 meses iniciais pasamos aos máis de 20 meses actuais de execución da actuación, unha demora que lle prexudica á veciñanza dun barrio que a se viu afectada por outras obras recentes con enormes atrasos como foron as do túnel e rotonda nos anos 2014 e 2015.

As administracións públicas non poden parecer insensibles diante desta acumulación de atrasos que, seguramente sexan en parte imputables á crise do coronavirus, aínda que tamén parece moi difícil que poida ser o virus o culpable de tantos meses de demora. Así, o que debía ser unha mellora urbanística para o barrio e que inclusive subsanara erros anteriores, convértese nun foco máis de padecemento e sufrimento para a veciñanza de Conxo.

A maiores desta falta de sensibilidade, a execución das obras están a levantar numerosas queixas por parte da veciñanza, relacionadas con cuestións como a redución do espazo de uso colectivo ao pé do CSC Aurelio Aguirre, a retirada das luces no propio CSC e a retirada do farol do muro do cemiterio, os problemas de accesibilidade para acceder á vivenda co número 14 nesa praza, a falta de instalación de varandas en cambios de nivel maiores dos 50 cm, o escalón rematado nun perigoso vertice de pedra situado xusto por debaixo da marquesina do centro sociocultural, a perigosidade de numerosos ángulos e esquinas nas gradás e escalóns, o obstáculo na entrada do cemiterio, a mala execución da recollida de pluviais e os problemas de accesibilidade na fronte da rúa da Benéfica, especialmente graves no nº5 desa rúa ou o problema de acumulación de pluviais diante do nº3 desa mesma rúa, ademáis da perigosidade por falta de visibilidade dos pivotes delimitadores diante dos locais de hostalería da contorna.

Un listado de eivas en materia de seguridade, iluminación e funcionalidade que poderían estar resoltos se o goberno local mantivera algún tipo de diálogo coa veciñanza e o tecido social e asociativo do barrio de Conxo. Porque aínda sendo a Xunta a administración encargada da execución das obras, o Concello e o goberno local é quen debe velar e supervisar a súa correcta implementación, e garantir as menores molestias para a veciñanza.

Pero o diálogo por parte das autoridades locais foi inexistente, tanto nesta obra coma no resto das acometidas pola Xunta ou o Concello noutras entradas dos Camiños, chegando a exemplos de insensibilidade extrema, como xa demostrou o concelleiro de Obras no caso da tala de árbores en setembro do 2020, que evidencian que a institución local e os seus gobernantes -neste caso- non están á altura de quen se presupón téñen que velar polo ben común e o interese veciñal.

Un diálogo que aínda se fai máis necesario agora no momento de finalización das obras, para coñecer todas as eivas, para informar sobre as novas condicións do tránsito rodado e do transporte público, etc,... porque é a veciñanza do barrio quen

mellor coñece a situación e é con ela con quen hai que falar para evitar situacións de caos e confusión que se teñen producido nestes primeiros días.

Por todo o anterior, e co obxectivo de que se subsanen canto antes os defectos na execución das obras de mellora do Camiño Portugués no barrio de Conxo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao goberno local a establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos para realizar unha auditoría cidadá que recolla todas as queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño portugués no barrio de Conxo.
2. Instar ao goberno local e á Xunta de Galicia a colaborar institucionalmente para resolver todas as queixas e eivas recollidas nesa auditoría cidadá, para que sexan solventadas no mínimo prazo posible.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A POSTA EN MARCHA DE POLÍTICAS LOCAIS CONTRA AS AGRESIÓNS SEXUAIS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os datos das diversas formas de agresión sexual sobre as mulleres reflicten un incremento moi preocupante nos últimos anos en Galicia. Así, a Memoria da Fiscalía publicada no ano 2020 -que recolle os datos correspondentes ao ano 2019- dá conta dun total de 1.894 delitos incoados, o que significa un incremento do 51% sobre os datos de 2018.

Estes delitos sexuais incoados duplicáronse dende o ano 2016, nunha tendencia de ascenso sustentada no tempo, cando menos dende o ano 2013. O delito de abusos sexuais é o que máis aumenta, pero tamén o fan de forma moi importante as agresións sexuais e os acosos sexuais, así como os delitos de exhibicionismo e os abusos a menores de 16 anos.

Este balance da Fiscalía está en sintonía cos datos que ofrece o Ministerio do Interior, que sinalan un incremento en 2019 do 18% dos delitos contra a liberdade sexual pasando de 536 a 636 incluíndose nesa categoría non só violacións, agresións sexuais e abusos sexuais senón a corrupción a menores o a pornografía de menores. O delito que mais aumentou foi o das violacións, nun 63%.

Se temos en conta os datos máis recentes do Ministerio de Interior respecto ao primeiro trimestre do ano 2021 indican que a cantidade de delitos sexuais cometidos continúa a incrementarse. Centrándonos no ámbito local, no termo municipal de Santiago de Compostela os delitos sexuais son os que experimentaron un maior aumento en comparación cos mesmos meses do ano anterior. No primeiro trimestre producíronse nove delitos contra a liberdade e indemnidade sexual (fronte aos 2 rexistrados no primeiro trimestre de 2020), dos que dous foron delitos de agresión sexual con penetración (non se rexistrara ningún no primeiro trimestre do 2020) e sete outros delitos contra a liberdade e indemnidade sexual. Tamén na Xunta Local de

Seguridade celebrada o pasado 2 de xuño e presidida pola subdelegada do Goberno na Coruña, se puxo de manifesto o incremento significativo dos casos de violencia de xénero ao longo de 2020, e sinalouse que “actualmente hai 154 casos de violencia de xénero na cidade”.

Tendo en conta estes datos tan negativos urxe que o Concello de Santiago adopte medidas e implemente políticas contra as agresións sexuais que sofren as mulleres. Máis alá da conmemoración puntual do 25-N, día internacional contra a violencia de xénero, é imprescindible levar a cabo políticas de maneira continua durante todo o ano.

As políticas contra as agresións sexuais deben centrarse nos agresores e non revitimizar nin responsabilizar ás mulleres da agresión que sofren. Precísanse unhas políticas que visibilicen aos distintos colectivos de mulleres que poden estar sufrindo agresión sexuais, mediante campañas específicas e medidas de actuación para saber que facer e onde acudir en caso de ser vítima dunha agresión sexual.

Ao mesmo tempo é urxente que os homes actúen socialmente e denuncien as agresións machistas, que tomen conciencia da necesidade de crear unha cultura de tolerancia cero e rexeitamento absoluto. É esencial que este compromiso chegue ás aulas, aos espazos actividades de lecer, aos lugares de traballo e aos medios de comunicación para que as agresións sexuais sexan denunciadas.

Neste sentido, é recomendable que estas políticas incidan na poboación moza e universitaria compostelá para impedir a normalización das agresións nos espazos de ocio. Nos últimos anos o colectivo de mulleres universitarias coñecido como o colectivo do *Campus do Medo* denunciou e visibilizou a través das redes os lugares nos que as mulleres foron obxecto de intimidacións e agresións reclamándolle tanto á Universidade como ao Concello actuacións concretas contra as violencias machistas. Lamentablemente, o Concello de Santiago continúa sen atender moitas destas demandas realizadas, como a creación de espazos seguros en Compostela. Ante o aumento das denuncias e dos casos relacionados coas violencias e agresións sexuais, a administración local e a concellería de Igualdade en particular deberían dar un paso adiante e estar máis visibles nos espazos públicos do municipio a través dos denominados “Puntos Lilas” que foron ferramentas pioneiras durante o anterior mandato. Un lugar onde ofrecer información, acompañamento e primeira atención a calquera muller que poida vivir un episodio de violencia machista, non só durante a celebracións das festas oficiais de Compostela senón durante todo o ano.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao goberno local a:

1. Levar adiante, en colaboración cos centros de ensino secundario e a USC, unha campaña de sensibilización e prevención contra as agresións sexuais que poida ser implementada ao comezo do vindeiro curso, en setembro de 2021.
2. Asegurar os recursos necesarios para garantir espazos no municipio máis seguros (ben iluminados e sinalizados) tal e como demanda o colectivo de universitarias do Campus do Medo.
3. Pór en funcionamento a App municipal contra as violencias machistas “Alerta Lila”.

4. Organizar obradoiros municipais de autodefensa feminista que permitan traballar dende o punto de vista físico e emocional as ferramentas para loitar contra as violencias machistas.

5. Pór en funcionamento durante todo o ano Puntos Lilas de información nos espazos públicos de Compostela.

MOCIÓN PARA REALIZAR UNHA ACTUACIÓN INTEGRAL DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE, ILUMINACIÓN, CANALIZACIÓN DE AUGA E ESPAZOS PÚBLICOS NO BARRIO DE VITE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para realizar unha actuación integral para mellorar a accesibilidade, iluminación, canalizacións de auga, parques e espazos públicos no barrio de Vite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación veciñal do barrio de Guadalupe a Ponderosa vén de reiterar os problemas que padece o barrio de Vite en relación coas constantes roturas de tubaxes de canalización de abastecemento e saneamento de auga nas rúas Carlos Maside, García Lorca e Blanco Amor, ademais da falta de mantemento e conservación dos espazos públicos e da falta de accesibilidade en vías públicas e edificios.

Deste xeito, faise precisa unha intervención planificada para substituír as tubaxes obsoletas pola rede de saneamento, en vez de realizar constantes actuacións de urxencia que funcionan como parches e dificultan o tránsito polas beirarrúas en cada tramo que se abre, coa demora coa que se realizan os traballos de reparación e enlousado. Isto provoca que en menos de 100 metros exista enlousado diferente e a distintas alturas.

Entre a avenida de Castelao, rúa de García Lorca e rúa Guadalupe existe un conxunto de edificios que carecen tanto de ascensor como de accesos directos á rúa, pois están unidos por unha trama de escaleiras. Isto imposibilita a entrada de vehículos de emerxencias e de servizos básicos -como ambulancias, camións de bombeiros e de recollida de residuos- a un núcleo onde residen máis de 100 persoas, moitas delas de avanzada idade. Cómpre sinalar que a falta de mantemento durante ano provoca que tanto o enlousado como as escaleiras están mal asentados e cheos de vexetación que nace entre as plaquetas, ademais de estar cuberto de follas e restos de plásticos ante a falta de limpeza e conservación durante anos.

En todo o conxunto súmaselle a deficiente iluminación pública, os bancos inservíbeis, os colectores de residuos estragados, beirarrúas con zonas interrompidas que deben atravesar á beira da estrada sen protección para peóns, a carencia de rebaixes nos pasos de peóns e problemas derivados do exceso de velocidade dos vehículos que provocan inseguranza viaria.

En canto ao parque da Ponte Mantible, destacan a falta de conservación destes restos do acueduto datado no século XII, que presenta unha excesiva vexetación na cuberta e nas paredes con toxos, xestas, codesos, silvas e enredadeiras, entre outras variedades, que poden provocar desprendementos das pedras de non retirar as súas raíces. Trasladan tamén a queixa de que desde hai uns anos desviaron o Camiño de

Santiago e xa non reciben persoas peregrinas, pese aos sinais que indican este roteiro que atravesa o parque. Ademais da falta de mantemento e retirada de follas de árbores ornamentais como os magnolios de gran porte que están sen podar.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago, mediante os órganos de Goberno correspondentes, realizará unha actuación integral para mellorar a accesibilidade, iluminación, canalizacións de auga, parques e zonas públicas no barrio de Vite.

MOCIÓN PARA RATIFICAR O ACORDO DE SETEMBRO DE 2017 PARA NON AUTORIZAR A INSTALACIÓN DESTA GASOLINEIRA EN BRANDIA TENDO EN CONTA QUE EXISTEN SUFICIENTES MOTIVOS TÉCNICOS PARA A DENEGAR

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para ratificar o acordo de setembro de 2017 para non autorizar a instalación desta gasolinera en Brandia tendo en conta que existen suficientes motivos técnicos para a denegar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes veciñais trasladaron ao grupo municipal do BNG a súa preocupación pola pretensión de instalar unha gasolinera en Brandia pese ao acordo plenario adoptado por unanimidade en setembro de 2017, a raíz dunha iniciativa do BNG.

Para o cumprimento deste acordo, destinado a rexeitar este proxecto de surtidores de combustíbel, unha das solucións pasa pola modificación puntual do PXOM para que en solo residencial de baixa densidade non se posibilite a instalación de gasolineras, como xa se debiera ter feito desde o 2017 até o de agora. De feito, en 2018, o BNG preguntou polas xestións e trámites realizados sen obter nunha resposta. Así, cómpre que se modifique a normativa urbanística para que en ningunha urbanización se poidan poñer novas gasolineras.

En xullo de 2020, a empresa volveu solicitar licenza para abrir unha unidade de subministro de carburantes desatendida e unha edificación comercial, no fondo o mesmo proxecto, que obtivo un primeiro informe favorábel do servizo de Urbanismo en decembro de 2020, mais que está pendente do pertinente informe xurídico. Ao recibir novas alegacións, o expediente está agardando por un informe xurídico municipal que determine a pertinencia deste proxecto.

Entre os argumentos da veciñanza destacan que a rotonda de Brandia soporta un tráfico intenso, o que pode provocar problemas nos accesos á gasolinera; existe un parque infantil nas inmediacións; hai depósitos de celulosa altamente combustíbel na papeleira de Brandia e, ademais, discorre un conduto de transporte de gas pola zona, o que fai especialmente perigosa a súa instalación.

O Goberno local do PSOE debe escoitar a veciñanza de Brandia, que está moi preocupada pola seguranza ambiental e se opón a este proxecto de “Carburantes de Lugo SL”, co obxectivo de que cumpra o acordo plenario para evitar a instalación dunha gasolinera de baixo custe e sen persoal no emprazamento desta urbanización.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

A Corporación municipal ratifica o acordo de setembro de 2017 para non autorizar a instalación desta gasoleira en Brandia tendo en conta que existen suficientes motivos técnicos para a denegar.

MOCIÓN PARA UNHA NOVA REGULACIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA QUE BENEFICIE OS TERRITORIOS PRODUTORES DE ENERXÍA E REDUZA O IVE AO 4%

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para unha nova regulación da tarifa eléctrica que beneficie os territorios produtores de enerxía e reduza o IVE ao 4%

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Desde o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e, nomeadamente, daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade, que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo se concentra entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil semellante ao descrito, como é o da hostalería, un sector fundamental en Compostela, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto acontece nunha Galiza que exporta electricidade.

Mais tamén é importante destacar a suba do importe na factura da luz que vai supor para persoas doentes que precisan de aparellos conectados á electricidade durante varias horas ao día ou de xeito continuado, tales como respiradores, ventilación mecánica, nebulizadores, máquinas de diálise ou bombas de perfusión para inxectar medicación ou nutrientes. Estes pacientes non poderán atender á discriminación de tarifa horaria para subministrar medicación, osíxeno, alimentación ou o que precisen segundo as súas patoloxías.

Para rematar, queremos facer especial fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión se demanda tamén desde amplos sectores da sociedade. Entre estas cuestións está o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, por ser a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Santiago da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar o Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar os territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

MOCIÓN PARA QUE O PROXECTO DO ORBITALIÑO ATENDA AS NECESIDADES DA VECIÑANZA DE FORMARÍS PARA EVITAR QUE FRAGMENTE OS NÚCLEOS DE POBOACIÓN

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para que o proxecto do Orbitaliño atenda as necesidades da veciñanza de Formarís, na Sionlla, co fin de evitar que esta infraestrutura fragmente os núcleos de poboación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Formarís trasladou en agosto de 2020 unha proposta cun trazado consensuado para a execución do denominado Orbitaliño, coa realización dunha

glorieta e dunha rotonda de 25 metros de diámetro, a uns 350 metros cara ao noreste da anterior, ambas situadas a nivel da N-550, co fin de reducir o impacto da obra prevista para o enlace desa estrada co Orbital de Santiago de Compostela.

Nesa proposta, que mantén plena funcionalidade en tanto que permite realizar con seguranza todos os xiros en cada dirección e permite o uso previsto dos carrís de servizo xa existentes, ao estaren as dúas glorietas na rasante da estrada N-550, facilítase a conexión coas parcelas, polígonos e edificacións existentes e proxectados no PXOM. A solución debe incluír tamén que se garanta o acceso funcional correspondente aos establecementos comerciais existentes.

Ademais, evitárase o tránsito de tráfico pesado no núcleo de Formarís e o incremento de vehículos lixeiros na zona, o que significará unha mellora da seguranza viaria e unha diminución da xeración de ruídos e vibracións. Isto resulta compatíbel co transporte público xa que respecta as paradas actuais de autobuses nos dous sentidos de circulación.

Outras das vantaxes son que non afecta a vivendas e a necesidade dunha menor superficie de expropiación, xunto cun menor impacto visual, acústico e de vibracións e de supor un menor movemento de terras e unha xeración de residuos inferior á outra actuación proposta.

Pola súa parte, o Concello tamén trasladou informes con consideracións e propostas ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sobre este proxecto entre as que destacan a necesidade de que se asuma a condición urbana dos solos entre o tramo de FINSA, Polígono do Tambre e o núcleo de Formarís-Sionlla de Arriba. Propón que se entenda que a N-550 neste tramo discorre por solo urbano e, polo tanto, para manter o seu carácter estruturante debe configurarse como unha avenida con tronco principal e vías de servizo por ambas as marxes para que a elas se poidan incorporar vías transversais e persoas usuarias das parcelas urbanas que se conformaron sobre eses terreos. Para iso, cómpre formalizar vías de servizo unidireccionais que sirvan directamente ao solo urbano dos solos desenvolvidos urbanisticamente dos SUNP-37.3 e SUNP-38 e ao dos asentamentos urbanos de Formarís-Sionlla de Arriba.

Proponse, ademais, que se dispoña dun dobre carril nas vías de servizo, que propicie o trenzado de incorporación entre estas e o tronco principal e viceversa. En canto á humanización da obra, opta por dispoñer dun espazo de respecto entre as vías de servizo e as edificacións e/ou aliñacións sinaladas polos planeamentos aprobados (duns 5 metros de ancho como mínimo para o caso dos antigos asentamentos de Formarís) que permita a materialización de beirarrúas para a mobilidade peonil, espazos axardinados e arborados, aparcadoiros, colocación de marquesiñas e reservas de espazo para a parada autobús, ademais de iluminación viaria.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar o correspondente órgano de Goberno a realizar as xestións necesarias para que o proxecto do Orbitaliño, o enlace da estrada N-550 co Orbital de Santiago de Compostela, (que se atopa na fase de redacción do proxecto e que contará cunha nova fase de alegacións, despois da resolución do 8 de marzo de 2021 do informe de

impacto ambiental abreviado), sexa consensuado coa veciñanza de Formarís, na Sionlla, e respecte os núcleos tradicionais rurais coa menor afectación posíbel de cara a evitar que esta infraestrutura fragmente os núcleos de poboación e que se garanta a súa cohesión territorial, ademais de garantir o acceso funcional correspondente aos establecementos comerciais existentes.

MOCIÓN DE CONDENA AO ATAQUE Á EXPOSICIÓN NA ALAMEDA SOBRE AS MORTES DE PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES, E EN DEFENSA DESES MESMOS COLECTIVOS

O día 20 de xuño celébrase o Día Mundial das Persoas Refuxiadas. No marco dos actos conmemorativos da efeméride, a Unidade de Atención ás Migracións do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa Rede Galega de Apoio ás Persoas Refuxiadas, organizou a exposición consistente nas listaxes das 40.555 mortes documentadas de persoas refuxiadas e migrantes, que foi situada na Alameda.

O día 19 de xuño dita exposición foi atacada ata ser totalmente esnaquizada. Este ataque prodúcese claramente de forma dolosa co obxectivo de intimidar, ameazar, sinalar e degradar ás persoas que inmigran ou solicitan asilo, e impedir que se execute na cidade un acto de recoñecemento ao sufrimento e padecemento que implica de por si o feito de migrar e buscar refuxio noutro país.

A única resposta admisible das institucións democráticas dun Estado de dereito, é intensificar a defensa dos Dereitos Humanos nas situación de vulnerabilidade e precariedade que se producen no marco das migracións cara a Europa, e dar todo o soporte e apoio posible para salvagardar a vida, a integridade e o benestar das persoas que migran cara a Europa, apoio que debe reflectirse de forma material, mais tamén moral e política.

Na última década Europa vive unha preocupante intensificación dos discursos reaccionarios, xenófobos e racistas dirixidos contra a poboación emigrante ou estranxeira. Este discurso toma distintas formas e se canaliza a través de distintos movementos de ultradereita nos países europeos, sobre todo a raíz da onda de refuxiados producida polos conflitos resultantes da Primavera Árabe, que levaron millón de refuxiados a cruzar o Exeo e o Mediterráneo na busca de refuxio e asilo dentro da Unión Europea.

A pesares de que España non foi unha das principais vías de entrada a Europa como resultado desa crise, nin tampouco un dos principais países de destino das ondas de refuxiados, iso non impediu que a ultradereita sinalase aos inmigrantes e especialmente a aqueles máis vulnerables, chamando á violencia e sinalando con diversas campañas de odio aos inmigrantes e especialmente aos máis vulnerables, dirixindo incluso campañas de odio específicas contra os menores de idade. As campañas de odio acostuman a dirixirse a criminalizar aos colectivos de persoas estranxeiras e a xerar un sentimento de agravio contra elas, así como a deslexitimar a acción social de apoio ás persoas inmigrantes e o cumprimento dos seus dereitos sociais.

Estas accións pretenden crear un clima intimidatorio e teñen a capacidade de incentivar os ataques contra a poboación inmigrante, ao producir unha cobertura de lexitimación que da soporte ás agresións físicas, verbais e morais contra a poboación estranxeira residente en España. Así, as distintas acción promovidas polo partido político Vox teñen como resultado un aumento dos ataques xenófobos. Estes ataques

poñen en perigo en primeiro lugar os dereitos das persoas inmigrantes, pero son tamén un ataque contra a seguridade e a cohesión do conxunto da sociedade e do Estado de Dereito. Estes aspectos foron destacados (*inter alia*) por Sebastian Rinken, investigador do Instituto de Estudos Sociais Avanzados do CSIC, que puxo de manifesto a ameaza que a ultradereita nacionalista supón para o conxunto da sociedade nun artigo titulado *El peligro de la xenofobia*, publicado no 2019 polo Comité Especializado en Inmigración do Consello de Seguridade Nacional do Goberno de España. O conxunto da publicación permite concluír que o auténtico perigo da inmigración non é esta mesma, senón a xenofobia e os movementos que promoven a exclusión social das persoas migrantes e con iso desfiguran o noso réxime de dereitos e liberdades e os fundamentos da nosa convivencia.

En consecuencia, o ataque que se ten producido contra a exposición situada na Alameda non debe ser tratado coma un incidente desafortunado, senón como un ataque grave contra a convivencia, polo seu carácter simbólico como agresión contra un colectivo vulnerable que é susceptible de lexitimar posturas xenófobas.

Nos peores momentos da incidencia migratoria na Unión Europea, moitos cidadáns amosaron o seu apoio e soporte aos refuxiados que chegaron a Europa, dende distintas posicións e sensibilidades políticas, pero unidos por un profundo sentimento de solidariedade e de convicción democrática na universalidade dos dereitos fundamentais e dos dereitos humanos.

Este soporte non se traduciu soamente en políticas a nivel europeo ou estatal, senón tamén nunha toma de postura tamén por parte de moitas administracións e autoridades públicas do ámbito local, que promoveron a integración, a inclusión e a atención á inmigración e aos refuxiados e loitaron contra a criminalización das persoas inmigrantes e refuxiadas nas súas cidades e vilas. Desgraciadamente, moitos deles tiveron que enfrontar o hostigamento e a hostilidade dos movementos de ultradereita que se dirixiron contra aqueles que decidiron poñerse do lado dos dereitos humanos. Un dos casos máis lamentables foi o de Walter Lübcke, político alemán da CDU e presidente do Distrito de Kassel, que foi asasinado dun disparo o 2 de xuño de 2019 por un militante da ultradereita alemá a causa de ter manifestado o seu apoio ao acollemento das persoas refuxiadas en Alemaña.

A migración é un fenómeno consubstancial ao ser humano e o impacto que diversos eventos teñen sobre o desprazamento das persoas polos territorios; e se isto é certo universalmente, aínda o é máis para Galicia, cuxa historia está profundamente marcada pola emigración, ata o punto de que sería imposible entendela sen comprender os profundos efectos que esta tivo na sociedade galega.

Posto que o Pleno da Corporación xa se tivo pronunciado por unanimidade no seu apoio ás persoas refuxiadas no ano 2016, e considerando que non debe permanecer impasible ante un acto que pretende poñer en cuestión a convivencia, a cohesión e os dereitos das persoas migrantes e refuxiadas, e que persigue sinalalas, intimidalas e inxurias, propónse ao Pleno do Concello adoptar o seguinte **ACORDO**:

1.- O Concello de Santiago de Compostela reafirmase no apoio a tódalas persoas que migran ou se acollen ao dereito de asilo ou refuxio, e comprométese na defensa dos seus dereitos e da súa integridade moral.

2.- O Concello de Santiago de Compostela condena rotundamente o ataque contra a exposición promovida con ocasión do Día Mundial das Persoas Refuxiadas no Paseo

dos Leóns do Parque da Alameda.

3.- A Corporación Municipal reafirma o seu compromiso de continuar a desenvolver políticas en prol do apoio e o soporte aos inmigrantes e refuxiados que residen en Santiago, e de promover a súa integración e benestar a través da Unidade de Atención ás Migracións e os demais servizos dos que dispón o Concello.

Con respecto á moción de urxencia conxunta dos catro grupos políticos municipais da que foi declarada a urxencia por unanimidade ao principio da sesión, de condena ao ataque á exposición na Alameda sobre as mortes de persoas refuxiadas e migrantes, e en defensa deses mesmos colectivos, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda:

1.- Reafírmase no apoio a todas as persoas que migran ou se acollen ao dereito de asilo ou refuxio, e comprométese na defensa dos seus dereitos e da súa integridade moral.

2.- Condenar rotundamente o ataque contra a exposición promovida con ocasión do Día Mundial das Persoas Refuxiadas no Paseo dos Leóns do Parque da Alameda.

3.- Reafirmar o compromiso de continuar a desenvolver políticas en prol do apoio e o soporte aos inmigrantes e refuxiados que residen en Santiago, e de promover a súa integración e benestar a través da Unidade de Atención ás Migracións e os demais servizos dos que dispón o Concello.

A moción presentada por CA para regularizar a situación dos antigos empregados do bus ao aeroporto e impulsar unha liña de aerobús que conecte a intermodal e o Rosalía de Castro de xeito directo, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao goberno local a que se cumpran os acordos aprobados na sesión ordinaria de xaneiro de 2021 e recollidos na proposición do grupo municipal de Compostela Aberta para manter os postos de traballo dos empregados da liña de autobuses ao aeroporto de Santiago - Rosalía de Castro.

2. Instar ao goberno local, a través da empresa TUSSA, a impulsar un servizo de Aerobus que implemente un bus lanzadeira que conecte directamente a Intermodal e o Aeroporto de punto a punto, sen paradas urbanas e con tarifaria diferenciado.

3. Instar á empresa TUSSA a restablecer a normalidade e o correcto funcionamento da liña 6 do transporte público de Santiago, en beneficio da cidadanía residente e usuaria habitual da mesma.

No tocante á moción presentada por CA sobre a memoria democrática, á que presentou emenda o BNG que non foi aceptada e despois de solicitar a votación separada por puntos ao que se accede por parte de CA, o Pleno da Corporación, acorda:

1. Por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda que se

convoque, á maior brevidade posible, a Comisión de Memoria Histórica do Concello de Santiago e que se incorporen á mesma propostas de persoas, institucións e colectivos referentes en Compostela, no ámbito da Historia e a Memoria.

2. Por 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de CA, 8 votos en contra do grupo municipal do PP, e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que queda rexeitado o punto núm. 2.

3. Por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 8 votos en contra do grupo municipal do PP, e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que queda rexeitado o punto núm. 3.

4. Por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda que en todos os puntos anteriores, de xeito transversal, exista un especial tratamento ao papel activo das mulleres en Compostela como protagonistas da loita pola democracia e polos valores da liberdade, igualdade e solidariedade.

5. Por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda instar ás administracións galega, estatal e provincial a colaborar co concello no imusto destas políticas de Memoria Democrática.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP para o acondicionamento do acceso peonil ao Monte do Gozo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a que, consonte coas dispoñibilidades orzamentarias, proceda a mellorar o acceso peonil que discorre entre as proximidades do estadio de San Lázaro e a entrada do auditorio do Monte do Gozo, a través da rúa das Estrelas, cunha actuación que lle permita dar seguimento á nova senda peonil executada na rúa de San Martiño; que leve a cabo a instalación da iluminación pública neste tramo, cuxo proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en agosto de 2020; e que inicie a redacción do proxecto para a dotación de beirarrúas na rúa de San Martiño, entre a rúa das Estrelas e a Avenida de San Marcos.

A moción presentada polo grupo municipal do PP que substitúe a anterior presentada sobre a mesma temática, para condenar o indulto outorgado aos líderes independentistas cataláns, o Pleno da Corporación, acorda por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e 17 votos en contra dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), polo que queda rexeitada.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PP, para a participación activa na estratexia galega de atención á soidade, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a que ofrezca a colaboración do Concello de Santiago, achegando as súas experiencias e propostas para o deseño da “Estratexia galega de atención á soidade non desexada” na que está a traballar a Xunta de Galicia, co obxectivo de contribuír a perfeccionar o documento que guiará as actuacións a

desenvolver nos vindeiros anos para incrementar a integración e inclusión das persoas maiores no conxunto da sociedade galega.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a baixar o prezo da luz, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao Goberno de España a tomar as seguintes medidas para impedir que o aumento espectacular do prezo da enerxía eléctrica lastre a economía persoal e familiar dos españois xa especialmente danada polos efectos da pandemia:

1. Rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando para iso o artigo 8 da Lei 15/2012, de medidas fiscais para a sostibilidade enerxética.
2. Modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, para, entre outros aspectos, que determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) como a débeda do sistema eléctrico, sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.
3. Simplificar o recibo da luz para facilitar a súa comprensión.
4. Poñer en marcha de inmediato unha campaña de información dirixida aos consumidores que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa da luz.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de CA sobre as melloras necesarias nas obras do Camiño de Santiago no barrio de Conxo, á que presentou emenda de substitución o grupo municipal do PP, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, acorda:

1. Instar ao goberno local a establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos co fin de recoller todas as posibles queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño portugués no barrio de Conxo.
2. Instar ao goberno local e á Xunta de Galicia a colaborar institucionalmente para resolver todas as posibles queixas e eivas da veciñanza, co fin de que sexan consideradas, e se fose o caso, incorporadas no deseño final no mínimo prazo posible.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA para a posta en marcha de políticas contras as agresións sexuais, e tras ser aceptada a votación separada por puntos solicitada polo grupo municipal popular, o Pleno da Corporación adopta os seguintes acordos:

1. Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 7 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local a Levar adiante, en colaboración cos centros de ensino secundario e a USC, unha campaña de sensibilización e prevención contra as agresións sexuais que poida ser implementada ao comezo do vindeiro curso, en setembro de 2021.
2. Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos

municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 7 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local a asegurar os recursos necesarios para garantir espazos no municipio máis seguros (ben iluminados e sinalizados) tal e como demanda o colectivo de universitarias do Campus do Medo.

3. Por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PP, polo que queda rexeitado este punto.

4. Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 7 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local a organizar obradoiros municipais de autodefensa feminista que permitan traballar dende o punto de vista físico e emocional as ferramentas para loitar contra as violencias machistas.

5. Por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PP, polo que queda rexeitado este punto.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para realizar unha actuación integral de mellora de accesibilidade, iluminación, canalización de auga e espazos públicos no barrio de Vite, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 7 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello, mediante os órganos de goberno correspondentes, realizará unha actuación integral para mellorar a accesibilidade, iluminación, canalizacións de auga, parques e zonas públicas no barrio de Vite.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG para ratificación do acordo de setembro de 2017 relativo a non autorización para instalación de gasoleira en Brandia, á que presentou emenda o grupo municipal do PP, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 7 PP) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda ratificar o acordo de setembro de 2017 para vixiar especialmente a afectación que a instalación dunha gasoleira puidese provocar aos veciños de Brandia e estudar as reivindicacións da propia veciñanza ao respecto; e ao tempo, o concello estudará as posibilidades de modificación do PXOM a fin de restrinxir, se fose oportuno, a implantación de gasoleiras nas inmediacións de zonas residenciais.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para unha nova regulación da tarifa eléctrica que beneficie os territorios produtores de enerxía e reduza o IVE ao 4%, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor, correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (9 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda:

1. Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Santiago da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2. Instar o Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar os territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para que o proxecto do Orbitaliño atenda as necesidades da veciñanza de Formarís, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros asistentes, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a realizar as xestións necesarias para que o proxecto do Orbitaliño, o enlace da estrada N-550 co Orbital de Santiago de Compostela, (que se atopa na fase de redacción do proxecto e que contará cunha nova fase de alegacións, despois da resolución do 8 de marzo de 2021 do informe de impacto ambiental abreviado), sexa consensuado coa veciñanza de Formarís, na Sionlla, e respecte os núcleos tradicionais rurais coa menor afectación posíbel de cara a evitar que esta infraestrutura fragmente os núcleos de poboación e que se garanta a súa cohesión territorial, ademais de garantir o acceso funcional correspondente aos establecementos comerciais existentes.

Remata a sesión ás 22:28 horas. Dou fe.